

## **Grao en Traballo Social**



# **AUTOINFORME DE SEGUIMENTO GRAO EN TRABALLO SOCIAL Curso 2023-2024**

## Grao en Traballo Social

- [Datos da universidade e do título obxecto de seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - [Dimensión 1. A xestión do título](#)
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - [Dimensión 2. Recursos](#)
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - [Dimensión 3. Resultados](#)
    - [Criterio 6. Resultados de aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- Plan de Melloras
  - Accións do curso 2023-2024
    - Criterio 1 – Organización e desenvolvemento
      - [AM-4](#)
    - Criterio 4 – Recursos Humanos
      - [AM-1](#)
      - [AM-3](#)
    - Criterio 7 – Indicadores de satisfacción e rendemento
      - [AM-2](#)
  - Accións abertas para o curso 2024-2025
    - Criterio 1 – Organización e desenvolvemento
      - [AM-2](#)
    - Criterio 2 – Información e transparencia
      - [AM-1](#)

## Grao en Traballo Social

| 1. DATOS DO TÍTULO                                                    |                                         |
|-----------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|
| Denominación do título                                                | Grao en Traballo Social                 |
| Mencións/Especialidades                                               | -                                       |
| Universidade responsable administrativa                               | Universidade de Santiago de Compostela  |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | -                                       |
| Centro responsable                                                    | Escola Universitaria de Traballo Social |
| Centro/s onde se imparte                                              | Escola Universitaria de Traballo Social |
| Rama de coñecemento                                                   | Ciencias Sociais e Xurídicas            |
| Número de créditos                                                    | 240                                     |
| Profesión regulada                                                    | Non                                     |
| Modalidade de impartición                                             | Estudo presencial                       |
| Curso de implantación                                                 | 2010                                    |
| Data acreditación ex ante (verificación)                              | 18/01/2023                              |
| Data renovación acreditación                                          | 30/06/2010                              |

# Grao en Traballo Social

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

**Estándar:** O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos/as estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O número de prazas ofertadas de novo ingreso (IN01G) para o curso 2023-2024, mantívose igual que nos cursos académicos anteriores (80 prazas para o Grao e 5 para o Curso Ponte).

A matrícula de novo ingreso por preinscrición (IN04G) para o curso 2023-24 é de 82.0. Este valor descendeu un punto con respecto ao curso 2022-23 pero mantense na media dos últimos catro cursos (81).

|                                                                    | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|--------------------------------------------------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| <b>Prazas ofertadas</b><br>(IN01G)                                 | 80.0    | 80.0    | 80.0    | 80.0    | 80.0    | 80.0    |
| <b>Matrícula</b><br>(IN02G)                                        | 282.0   | 302.0   | 311.0   | 329.0   | 314.0   | 303.0   |
| <b>Matrícula de novo ingreso</b><br>(IN03G)                        | 89.0    | 85.0    | 82.0    | 84.0    | 87.0    | 84.0    |
| <b>Matrícula de inicio de estudos por preinscrición</b><br>(IN04G) | 86.0    | 78.0    | 81.0    | 82.0    | 83.0    | 82.0    |
| <b>Variación de matrícula de inicio de estudos</b><br>IN05G        | 3.61    | -8.14   | 2.53    | 1.23    | -       | -       |

Non hai datos da variación de matrícula de inicio de estudos (IN05G) do curso 22-23 nin do 23-24

A nota media de acceso por preinscrición (IN06G) acada unha nota de 8,18 no curso 2023-24, sendo practicamente a mesma que no curso anterior (8,19).

Houbo un leve incremento da porcentaxe de estudantes estranxeiros e estranxeiras que se matricularon no curso 2023-24 (IN08G), que ascendeu con respecto ao curso pasado situándose nun 0,99%. Con respecto a porcentaxe de matrícula de estudantes nacionais de fóra de Galicia (IN09G), no curso 2023-24 experimenta unha diminución con respecto ao curso anterior, situándose nun 0,33%.

No curso 2023-24, observase un aumento significativo do indicador IN10G en relación ao número de estudantado preinscrito que elixiu como **primeira opción** a titulación, cun valor de **71,25** o que supón un incremento de 3,75 puntos en relación ao

## Grao en Traballo Social

curso inmediatamente anterior e de 14,05 puntos con respecto ao curso 21-22. Este incremento reflicte unha maior demanda da titulación por parte do estudantado, o que indica unha tendencia ao alza no interese por parte das novas persoas solicitantes, especialmente no que respecta á elección como primeira opción. Situación que foi ascendendo desde o curso 2020-21 e que no **curso 23-24 acadou o maior valor** do período analizado.

|                                                                                                                      | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24      |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|--------------|
| <b>Nota media de acceso por preinscripción (5-14)</b><br>(IN06G)                                                     | 7.35    | 7.78    | 8.33    | 8.36    | 8.19    | <b>8.18</b>  |
| <b>Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis.</b><br>(IN07G)         | 82.35   | 93.67   | 100.00  | 100.00  | 96.34   | -            |
| <b>Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%)</b><br>(IN08G)                                       | 1.42    | 0.33    | 0.96    | 0,61    | 0.64    | <b>0.99</b>  |
| <b>Porcentaxe de estudantes nacionais de fora de Galicia</b><br>(IN09G)                                              | 2.84    | 1.99    | 2.25    | 1.52    | 0.96    | <b>0.33</b>  |
| <b>Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas</b><br>(IN10G) | 70.00   | 62.50   | 51.25   | 57.50   | 67.5    | <b>71.25</b> |
| <b>Taxa de ocupación (%)</b><br>(IN12G)                                                                              | 107.50  | 98.75   | 101.25  | 102.50  | 103.75  | <b>102.5</b> |

No curso 2023-24, a taxa de ocupación (IN12G) experimentou un lixeiro descenso, situándose nun 102,5%, fronte ao 103,75% do curso anterior

### 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Consello de Goberno da USC, na sesión ordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2023, aprobou o calendario académico para o curso 2023-2024 abarcando desde o 1 de setembro de 2023 ata o 31 de agosto de 2024. Non obstante, para os efectos da defensa de Traballos Fin de Grao (TFG) e Fin de Máster (TFM) e de realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares o curso remata o 30 de setembro de 2024. O primeiro período para impartición de docencia estenderase entre o días 11 de setembro e 22 de decembro de 2023. O segundo período para impartición de docencia estenderase entre os días 29 de xaneiro e 16 de maio de 2024.

Para establecer a Planificación Docente Anual (PDA) do curso 23-24 fíxose unha revisión da matrícula nas materias optativas no curso 2022-2023 e como consecuencia da mesma acordouse non ofertar a materia optativa *Traballo Social no*

## Grao en Traballo Social

*ámbito da Educación* (que pasa a ser non matriculable/só repetidores) e activar a materia *Tecnoloxías da Información e a Comunicación en Servizos Sociais*, mantendo así unha oferta de optatividade de 66 créditos para os 30 créditos optativos que ten que cursar o estudiantado.

A porcentaxe de estudantes que abandonaron os seus estudos durante o primeiro curso alcanzou o 16,92% (IN40G), o que supón un importante incremento en relación ao curso 22-23 (5%) pero en niveis semellantes aos cursos anteriores á pandemia. Destacar que pese a este incremento, esta taxa continúa sendo inferior tanto á media da área de coñecemento (20,47%) como á media da USC (17,52%) (2502230\_MedUSC\_2023-2024).

### **MEDIAS GRUPOS DE DOCENCIA**

Os módulos de estudiantado por grupo de docencia aprobados para o grao en traballo social son de 80 estudantes por grupo expositivo, 30 por grupo interactivo e 13 nos TGR. A normativa de Planificación Académica establece que cando o resto supera o número establecido para cada módulo, e este non supera o 25%, incorporárase a este estudiantado ao grupo creado, polo que o máximo de estudiantado por grupo sería 100 cada grupo de docencia expositiva, 38 nos grupos de docencia interactiva e 17 nas titorías en grupos reducidos.

A distribución do estudiantado por grupos de docencia divídese en:

- A media de estudantes en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas) (IN55G), ten un valor de **78.5** aumentando en 1,4 puntos en relación ao curso 22-23.
- A media de estudiantado por grupo de docencia interactiva (IN32G) ten un valor de **35,73** diminuindo en 1,71 en relación ao curso anterior
- A media de estudiantado por grupo de docencia optativas (expositivas) (IN56G) acadou un valor de **29,0** o que supón unha diminución de 2,36 puntos en relación ao curso anterior sendo o valor máis baixo nos últimos 5 cursos.

|                                                                                                       | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| <b>Media estudiantado matriculado en materias de FB e OB por grupo de docencia expositiva (IN55G)</b> | 75,20   | 77,27   | 77,27   | 78,93   | 77,1    | 78,5    |
| <b>Media estudiantado por grupo de docencia interactiva (IN32G)</b>                                   | 30,94   | 31,94   | 33,02   | 33,77   | 37,44   | 35,73   |
| <b>Media estudiantado por grupo de docencia expositiva en materias optativas (IN56G)</b>              | 24,91   | 30,01   | 35,7    | 33,36   | 31,36   | 29,0    |

Observase que a ratio de estudiantado por grupos de docencia establecidos están de acordo ao Regulamento de Planificación Académica da USC para o curso.

### **PROGRAMAS DE MOBILIDADE**

#### **SICUE**

No contexto da promoción da calidade educativa e do fomento da cooperación interuniversitaria, os programas de mobilidade nacional SICUE (Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios Españols) constitúen unha ferramenta fundamental para o desenvolvemento académico e persoal do alumnado. Este sistema permite que os estudantes das universidades españolas poidan realizar unha parte dos seus estudos noutras universidades do Estado, garantindo o

## Grao en Traballo Social

recoñecemento académico dos créditos cursados grazas aos convenios asinados entre as distintas institucións.

En xaneiro de 2023 (curso 2022-2023), asínase convenio de mobilidade SICUE con dúas novas Universidades Españolas ofertando 2 prazas en cada unha delas, para estadias a partires do curso 2023-2024. As novas Universidades de destino son A Universidade de Navarra (para o 1º cuadrimestre de cada curso) e a Universidade de Salamanca con 2 prazas para estancias de curso completo.

Para o curso 2023-2024 presentáronse 12 solicitudes. A USC admite 11 estudantes xa que 1 deles non reunía as condicións para acceso ao programa. No prazo establecido, a USC comunica a renuncia de dous estudantes polo que se lle asigna praza a 9 estudantes. Na listaxe definitiva publicado pola USC en maio, renuncian tres alumnas á súa praza polo que só 6 estudantes conclúen o proceso coa sinatura do acordo de estudos e realización da estadia.

As Universidades de acollida foron:

- Universidade de Alicante: 1 alumna no 2º cuadrimestre.
- Universidade de Salamanca: 1 alumna todo o curso.
- Universidade de Málaga: 1 alumna todo o curso.
- Universidade Pablo de Olavide: 2 alumnas todo o curso.
- Universidade de Barcelona: 1 alumna todo o curso.

Neste programa recibíronse 6 estudantes procedentes das Universidades:

- Universidade Pablo de Olavide – 2 alumnas curso completo.
- Universidade de Valladolid – 2 alumnas curso completo.
- Universidade de Girona – 1 estudante curso completo.
- Universidade de Salamanca – 1 alumna curso completo

### MOBILIDADE INTERNACIONAL – ERASMUS E CONVENIOS BILATERAIS

#### ERAMUS

Para o curso 2023-2024 presentaron solicitude 4 estudantes dos que só 3 foron admitidos pola USC. As 3 persoas admitidas asinan acordo de estudos e realizan estancia nos Centros:

- Universitá per Stranieri “Dante Alighieri” en Reggio – Calabria (Italia) 2 alumnas 1º cuadrimestre.
- Universidade Tras o Montes e Alto Douro (Portugal) – 1 alumna no 1º cuadrimestre.

Non se recibiu estudantado neste programa

#### Erasmus+KA107Team

Por primeira vez, neste curso 2023-2024 unha alumna da EUTS presentou unha solicitude e foi admitida na Universidade de Banja Luka (Bosnia-herzegovina) pero renunciou á estadia.

#### Convenios bilaterais

Para o curso 2023-24 a USC admitiu aos 5 estudantes que presentaron solicitude e se lle asignaron os seguintes destinos:

- Universidade do Salvador (Arxentina) – 2º cuadrimestre – 1 alumna.
- Universidade de Antioquía (Colombia) – 1º cuadrimestre, pero amplían estancia a curso completo – 2 alumnas.
- Universidad Tecnológica Metropolitana del Estado de Chile – 1º cuadrimestre – 1 alumna.

A 5ª alumna admitida, non formalizou a matrícula nin na USC nin na EUTS para o curso 2023-2024 polo que foi excluída do programa.

Neste programa foi admitida unha alumna da Universidade Santo Tomás de Chile para facer unha estancia na EUTS pero renunciou.

## Grao en Traballo Social

### XESTIÓNS PARA AMPLIACIÓN DE CONVENIOS DE MOBILIDADE INTERNACIONAL

No marco dos programas de mobilidade académica 2023-2024 realizáronse xestións con distintas universidades co obxectivo de establecer e fortalecer colaboracións interinstitucionais que permitan facilitar o intercambio de estudantes e persoal docente e investigador. Estas accións buscan promover a internacionalización, fomentar o enriquecemento académico e cultural, e ofrecer oportunidades formativas de calidade que contribúan ao desenvolvemento persoal e profesional dos e das participantes. As xestións realizadas abranguen contactos institucionais, sinatura de convenios de colaboración e a creación de pontes que favorezan a mobilidade e o acceso a novas experiencias educativas.

#### **CARDIFF UNIVERSITY.**

**(Universidade de Cardiff). País de Gales. Gran Bretaña.**

O 16 de novembro de 2023 enviouse correo electrónico consultando a súa dispoñibilidade para un intercambio no ámbito do programa Erasmus.

O 20 de novembro de 2023 responden interesándose polo ofrecemento e solicitando máis información. O propio día respondéuselle cunha primeira proposta de que se puidera intercambiar dous alumnos por cada un dos semestres e que tamén ficara aberta a posibilidade á participación do profesorado.

O 22 de novembro indican que están interesados nun acordo que poda beneficiar ao estudantado de mestrado. Respondéuselle no mesmo día que non impartimos cursos de mestrado e que insistimos na vía dun acordo no nivel do grao.

#### **NATIONAL UNIVERSITY OF IRELAND. MAYNOOTH UNIVERSITY.**

**(Universidade Nacional de Irlanda. Universidade Maynooth).**

O 30 de outubro do 2023 enviouse correo electrónico consultando a súa dispoñibilidade para un intercambio no ámbito do programa Erasmus.

No propio día responderon que estaban dispostos, pero que non tiñan ningunha docencia impartida de Traballo Social no sentido clásico e que o interese do seu estudantado polo español era máis ben baixo. Con todo solicitaron a relación de materias que se impartían no centro.

Unha vez respondido, o día 2 de novembro, contestan que non teñen estudantado que fala español ou cun nivel aceptable para un intercambio e que prefiren acordos con titulacións máis axustadas á súa.

#### **UNIVERSITY COLLEGE OF CORK.**

**(Colexio Universitario de Cork). Irlanda.**

O 26 de outubro do 2023 enviouse correo electrónico consultando a súa dispoñibilidade para un intercambio no ámbito do programa Erasmus.

O 20 de novembro de 2023 responden interesándose polo ofrecemento e solicitando máis información. O propio día respondeuse cunha primeira proposta de que se puidera intercambiar dous alumnos por cada un dos semestres e que tamén ficara aberta a posibilidade á participación do profesorado.

O 19 de decembro do 2023 envían un correo solicitando información ao respecto dos módulos que impartimos en inglés, expresando a súa preocupación por motivo do idioma. De xeito inmediato se lles informa que non se ten docencia en inglés, pero que, con todo, mantense o interese nun acordo por mínimo que sexa, mesmo dun intercambio dun único alumno por un único cuatrimestre.

#### **UNIVERSITY OF ESSEX.**

**(Universidade de Leeds). Inglaterra. Gran Bretaña.**

O día 6 de novembro do 2023 estableceuse contacto e acordouse manter unha vídeo chamada o 1 de decembro, co fin de ir concretando o posible acordo. O 1 de decembro tivo lugar a vídeo chamada na que se indica que o acordo só poderá dar os seus primeiros pasos para a súa materialización no mes de setembro do 2024 como consecuencia da implantación da titulación en Essex.

## Grao en Traballo Social

### UNIVERSITY OF BIRMINGHAM.

(Universidade de Birmingham). Inglaterra. Gran Bretaña.

O 6 de novembro do 2023 enviouse correo electrónico consultando a súa dispoñibilidade para un intercambio no ámbito do programa Erasmus.

O 10 de xaneiro do 2024 a oficina de relacións internacionais da USC informa que a Universidade de Birmingham vén de poñerse en contacto coa USC na procura dun acordo global de intercambio. De igual modo, pregunta polos programas que a EUTS imparte en inglés.

O 18 de xaneiro envíase resposta dando conta de que se ten coñecemento das conversas entre ambas universidades. Tamén que, aínda que non se imparte ningún programa en inglés, mantense o interese no intercambio de ese estudantado, aínda que só sexan dúas prazas só por un único cuatrimestre.

Finalmente, comunicaron que non están interesados en participar nun intercambio de estudantado, xa que non detectan interese entre o seu estudantado polo español e que reconducen a súa colaboración coa EUTS a través da participación da USC no programa EUniWell.

### 1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os/as estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Para contribuír a unha maior calidade da formación académica contéplanse as seguintes figuras de coordinación:

- Profesor/a Coordinador/a de Titulación
- Profesor/a Coordinador/a de Curso
- Profesor/a Coordinador/a de Prácticum
- Profesor/a Coordinadora de TFG
- Profesor/a Coordinador/a de Materia

Vinculadas ao desenvolvemento dos distintos programas establecidos contéplanse as seguintes coordinacións:

- Responsable Académica de Mobilidade
- Coordinador/a de Mobilidade Internacional
- Coordinador/a Programa SICUE e de prácticas extracurriculares

A coordinación docente lévase a cabo a través de reunións dos órganos colexiados e cargos unipersoais establecidas no SGIC e que son:

- Xunta de Centro
- Comisión Delegada de Xunta de Centro
- Comisión de Calidade do Centro
- Comisión de Título
- Responsable de Calidade de Centro

Ao longo do curso 2023-2024, realizáronse reunións de coordinación, co principal propósito de garantir unha adecuada supervisión e coordinación na planificación dos programas das distintas materias. Ademais, estas reunións tiveron como

## Grao en Traballo Social

obxectivo a correcta execución e avaliación das actividades académicas dos estudos, asegurando así a coherencia e calidade do proceso formativo ao longo do curso.

Previo ao inicio do 2º cuadrimestre, causa baixa voluntaria como docente a persoa que exercía as Coordinacións do Programa SICUE, das prácticas extracurriculares e de terceiro curso de grao. Por este motivo nomease nova coordinadora do Programa SICUE e prácticas extracurriculares, que exerce a coordinación a partires do mes de febreiro, e outra docente asume a coordinación de terceiro curso.

No centro impártese unha única titulación, o que, unido á dimensión reducida do corpo docente, facilita notablemente a creación dun ambiente académico próximo e accesible. Este contexto permite establecer un contacto directo e continuo entre o profesorado e o estudantado durante a actividade diaria, promovendo unha comunicación fluída e eficiente que complementa e reforza as estruturas de coordinación formal establecidas. A sinxeleza organizativa derivada destas características contribúe a unha mellor planificación, desenvolvemento e seguimento das actividades docentes e formativas, facendo posible unha resposta áxil ás necesidades e propostas que poidan xurdir no proceso educativo.

### PRACTICUM

No curso 2023-2024, dos/as 68 estudantes matriculados/as no Prácticum, realizaron as prácticas 67 estudantes, 4 no primeiro cuadrimestre e 63 no segundo. Un estudante matriculado na materia non presentou a documentación para a asignación de praza e non as realizou. Ofertáronse en total 224 prazas de prácticas, o que representa unha ratio de 3.34 prazas por estudante.

|                                                                 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24     |
|-----------------------------------------------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|-------------|
| <b>Prazas Ofertadas</b>                                         | 160     | 190     | 146     | 158     | 254     | <b>224</b>  |
| <b>Nº estudantes</b>                                            | 45      | 53      | 65      | 75      | 71      | <b>67</b>   |
| <b>Ratio de prazas ofertadas por estudantes matriculados/as</b> | 3,80    | 3,80    | 2,35    | 2,10    | 3,57    | <b>3,34</b> |

Por normativa da USC, a oferta de prazas de prácticas publícase no mes de xuño (para prácticas no 1º cuadrimestre) e no mes de xullo (para prácticas no 2º cuadrimestre) do curso académico anterior ao de realización destas.

O estudantado que realizou ás prácticas no segundo cuadrimestre, é o primeiro afectado pola nova normativa sobre a Seguridade Social pois realizan as prácticas a partires do 1 de xaneiro de 2024 e por tanto ten que ser dado de alta e cotizar no réxime xeral da Seguridade Social polos días efectivos de prácticas. A cotización e xestión a realiza a *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales* a través da súa xerencia.

Dado que o estudantado realiza as prácticas maioritariamente no 2º cuadrimestre do curso académico (de principios de febreiro a mediados de maio), o prazo de tempo transcorrido desde a oferta en xullo á incorporación en febreiro do ano seguinte é de 7 meses polo que, en ocasións, prodúcense modificacións na oferta por causas alleas ao Centro imputables a baixas, traslados e outras circunstancias que se producen nos centros colaboradores.

A satisfacción do estudantado coa realización das prácticas, aínda que se observa un lixeiro descenso (0,33) en relación á valoración obtida no curso anterior, continua a ser elevada e por encima da media dos estudos (4,16)

|                                                                | 2018-19 | 2019-20           | 2020-21 | 2021-22           | 2022-23 | 2023-24 |
|----------------------------------------------------------------|---------|-------------------|---------|-------------------|---------|---------|
| <b>Satisfacción estudantado con prácticas externas (IN19G)</b> | 4,16    | Non constan datos | 4,43    | Non constan datos | 4,79    | 4,46    |

## Grao en Traballo Social

Os valores obtidos en relación á satisfacción dos/as titores/as externas é elevada cun valor dos máis altos dos cursos que abarca o período analizado (2018-2024).

|                                                                                  | 2018-19 | 2019-20           | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|----------------------------------------------------------------------------------|---------|-------------------|---------|---------|---------|---------|
| <b>Satisfacción de titores/as profesionais con prácticas externas</b><br>(IN20G) | 4,21    | Non constan datos | 4,17    | 4,58    | 4,39    | 4,55    |

Na mesma liña que os/as titores/as externos/as, a satisfacción das titoras académicas coas prácticas externas é tamén elevada (4,81 sobre 5) cun lixeiro descenso de 0,11 en relación ao curso anterior.

|                                                                                                                 | 2018-19 | 2019-20           | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|-------------------|---------|---------|---------|---------|
| <b>Satisfacción de titores/as académicos/as con programas de prácticas externas</b><br>(IN21G e 2502230_INF.08) | 4,88    | Non constan datos | 4,86    | 4,88    | 4,92    | 4,81    |

Vistos os valores de satisfacción alcanzados polos tres colectivos implicados no Prácticum, considérase que se alcanzan as competencias e obxectivos previstos para a materia.

Desde o Centro faise un esforzo de coordinación, seguimento, apoio ao estudantado, relación cos centros de prácticas e coas persoas que exercen como titores/as nas entidades, a través de comunicacións directas tanto por correo electrónico como telefonicamente, tutorías programadas grupais e individualizadas, reunións presenciais das titoras académicas cos/as titoras/es externas/os nos centros, e cos/as responsables dos mesmos, etc. Isto contribúe a obter os altos valores de satisfacción tanto do estudantado como dos/as profesionais traballadores/as sociais e das titoras académicas e que se entende como un reforzo para seguir mantendo a dinámica académica e de xestión establecida para o Prácticum.

### XESTIÓN DE CONVENIOS PARA PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES

No curso 2023-2024, de setembro a decembro, a situación xerada pola falta dun modelo para o establecemento de convenios de colaboración educativa adaptado á nova normativa que obriga a dar de alta na Seguridade Social ao estudantado que realice as prácticas a partires do 1 de xaneiro de 2024, imposibilita asignar prórrogas ou novos convenios a partir de outubro de 2023 impedindo a posibilidade destas xestións ata o mes de decembro de 2023 en que se conta xa co novo modelo de convenio para os centros adscritos. Previo a esta paralización na xestión, asináronse 3 convenios (2 prórrogas en setembro e 1 renovación en decembro), todos da provincia da A Coruña, e catro concellos adheríronse ao convenio da FEGAMP por iniciativa da EUTS.

Co novo modelo adaptado ás particularidades da EUTS, retómase a xestión a partires de febreiro de 2024, optando por renovar convenio en lugar de asinar unha prórroga para todos aqueles que expiraban. De febreiro a xullo de 2024 establecéronse vinte e oito convenios, oito na provincia da Coruña, dous en Lugo, un en Ourense, cinco na provincia de Pontevedra e dez a nivel autonómico; un concello adheriuse ao convenio da FEGAMP (promovido pola EUTS) e asinou unha addenda a petición da entidade. Deles dezoito son renovacións de convenios asinados anteriormente e oito son novos.

En conclusión, no curso 2023-2024, negociouse a sinatura de convenio con 45 institucións, e concluíuse o proceso de sinatura de 35 convenios catorce da provincia da A Coruña, tres de Lugo, un de Ourense, cinco de Pontevedra, doce de ámbito autonómico. Adheríronse 5 concellos ao convenio da FEGAMP (todos eles promovidos pola EUTS) e asinou unha addenda a un convenio en vigor. Destes 35 novos convenios, 19 son renovacións, 13 son novos convenios (cinco deles adhesións á FEGAMP), 2 son prórrogas de convenios en vigor e unha addenda.

## Grao en Traballo Social

|                           | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| <b>Convenios asinados</b> | 12      | 30      | 18      | 41      | 18      | 35      |

As institucións coas que se ten establecido convenio de cooperación, non ten a obriga de asumir estudantado en prácticas todos os cursos académicos. Anualmente a xestión da oferta de prácticas está relacionada co lugar de residencia do estudantado e as preferencias de campo de prácticas que manifesta nas reunións prospectivas que se manteñen co estudantado de 3º curso. A oferta publicada anualmente ten en consideración estes aspectos así como a dispoñibilidade dos centros cos que se contacta.

### 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As condicións de acceso son as establecidas pola normativa de aplicación para o sistema universitario galego, aplicando o principio de distrito único para as 3 Universidades galegas. A Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), é a encargada da organización e execución deste proceso. Unha vez admitido e matriculado na USC, o estudantado debe formalizar a súa inscrición no Centro (por tratarse dun centro adscrito).

Na Memoria do Título indícase un perfil recomendado para os/as futuros/as estudantes do Grao en Traballo Social relacionado coa área de Humanidades e Ciencias Sociais (R.D. 1467/2007), e non se esixe ningunha formación previa específica. Con todo, recoméndase habilidade para as relacións interpersoais, actitude activa de contribución ao desenvolvemento dunha sociedade máis xusta, entre outras. O futuro estudantado pode consultalo en <https://www.usc.es/gl/estudios/gaos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-traballo-social>. O estudantado que solicita acceder ao curso ponte ou de adaptación ao grao, ten que ser titulado en Diplomatura en Traballo Social.

Segundo o Informe 2502230\_INF\_CIUG 2023-2024, no curso 2023-2024 solicitaron a admisión 375 persoas sendo admitidas 123. Formalizaron matrícula 84 persoas (82 de cota xeral por preinscrición). Das persoas matriculadas por cota xeral, o 85% acceden desde o Bacharelato cunha nota media de acceso de 8,246 e o 15% proceden de Formación Profesional cunha nota media de acceso de 7,824. Non se produciu matrícula de novo ingreso no Curso Ponte.

|                                                      | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24     |
|------------------------------------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|-------------|
| <b>Matrícula de acceso (IN03G)</b>                   | 89,0    | 85,0    | 82,0    | 84,0    | 87,0    | <b>84,0</b> |
| <b>Matrícula de acceso por preinscrición (IN04G)</b> | 86,0    | 78,0    | 81,0    | 82,0    | 83,0    | <b>82,0</b> |
| <b>Bacharelato</b>                                   | 72,0    | 67,0    | 61,0    | 65,0    | 63,0    | <b>70,0</b> |
| <b>Formación Profesional</b>                         | 9,0     | 10,0    | 19,0    | 17,0    | 19,0    | <b>12,0</b> |
| <b>Maiores 25 anos</b>                               | 1,00    | -       | -       | -       | -       | -           |
| <b>Continuación estudos (traslado)</b>               | 6,0     | 3,0     | -       | -       | -       | <b>1,0</b>  |
| <b>Deportistas</b>                                   | -       | -       | -       | -       | 1,00    | -           |
| <b>Titulados/as Universitarios/as</b>                | 2,00    | 5,00    | 1,00    | -       | -       | -           |
| <b>Persoas con Discapacidade</b>                     | -       | -       | 1,00    | -       | -       | -           |

## Grao en Traballo Social

Produciuse unha diminución de 3 puntos no número de matrícula de inicio de estudos, 84 fronte aos 87 do curso inmediatamente anterior pero na media dos últimos catro cursos académicos. (84,5)

En relación ao porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a 6 (IN07G), no panel de indicadores non hai valor para o curso 23-24 pero atendendo aos datos do 2502230\_INF\_CIUG\_2023-2024, só 2 persoas acceden aos estudos cunha cualificación de 5 ou 6 por tanto, pódese concluír que o **97,56%** do estudantado **accedeu cunha nota superior a 6** o que supón un incremento de 1,22 puntos en relación ao curso 22-23 que foi de 96,34

O número de matrícula global no Grao (IN02G) experimenta un lixeiro descenso, situándose en 303 matriculacións no curso 2023-24, fronte ás 314 do curso 2022-2023 o que supón unha diminución de 11 matrículas.

Non houbo matrícula de novo ingreso no Curso Ponte.

|                                                                                                                                        | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24       |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------------|
| <b>Prazas ofertadas</b><br>(IN01G)                                                                                                     | 80,0    | 80,0    | 80,0    | 80,0    | 80,0    | <b>80,0</b>   |
| <b>Matrícula de acceso</b><br>(IN03G)                                                                                                  | 89,0    | 85,0    | 82,0    | 84,0    | 87,0    | <b>84,0</b>   |
| <b>Matrícula de novo ingreso por preinscrición</b><br>(IN04G)                                                                          | 86,0    | 79,0    | 81,0    | 82,0    | 83,0    | <b>82,0</b>   |
| <b>Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición(%)</b><br>(IN05G)                                                          | 3,61    | -8,1    | 2,53    | 1,23    | -       | -             |
| <b>Relación de estudantes preinscritos/as en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (%)</b><br>(IN10G)            | 70,0    | 62,50   | 51,25   | 57,50   | 67,50   | <b>71,25</b>  |
| <b>Taxa de ocupación (%)</b><br>(IN12G)                                                                                                | 107,50  | 98,75   | 101,28  | 102,50  | 103,75  | <b>102,5</b>  |
| <b>Nota media de acceso por preinscrición (5-14)</b><br>(IN06G)                                                                        | 7,35    | 7,78    | 8,33    | 8,36    | 8,19    | <b>8,18</b>   |
| <b>Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a 6 (%)</b> (IN07G e 2502230_INF_CIUG 2023-2024) | 82,35   | 93,67   | 100,0   | 100,0   | 96,34   | <b>97,56*</b> |

\*no panel de indicadores non hai valor para o curso 23-24 pero atendendo aos datos do 2502230\_INF\_CIUG\_2023-2024, só 2 persoas acceden por preinscrición aos estudos cunha cualificación de 5 ou 6 por tanto, pódese concluír que o **97,56%** do estudantado accedeu cunha nota **superior a 6**.

A distribución do estudantado de novo ingreso por cota xeral (2502230\_INF\_CIUG 2023-2024) varía significativamente entre as distintas provincias. A provincia da Coruña rexistra o maior número de estudantes admitidos/as por esta vía, cun total de 52 persoas seguida da de Pontevedra con 24. En contraste, Ourense e Lugo presentan a cifra máis baixa, con tan só dúas persoas por provincia. Esta diferenza pode deberse á existencia dunha Facultade de Educación e Traballo Social pública en Ourense, que podería absorber unha parte importante da demanda de formación nestas áreas.

## Grao en Traballo Social

| Lugar       | Matrícula | Lugar                              | Matrícula | Lugar      | Matrícula |
|-------------|-----------|------------------------------------|-----------|------------|-----------|
| España      | 80        | Galicia                            | 80        | A Coruña   | 52        |
|             |           |                                    |           | Lugo       | 2         |
|             |           |                                    |           | Ourense    | 2         |
|             |           |                                    |           | Pontevedra | 24        |
|             |           | Outras comunidades                 |           |            |           |
| Estranxeiro | 2         | Países Unión Europea ou con acordo | 2         |            |           |
|             |           | Países sen acordo                  |           |            |           |

### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante o curso obxecto de análise, observouse o cumprimento da normativa vixente e das diversas directrices relacionadas coa xestión académica.

Na páxina web do centro, habilitouse unha sección específica para a normativa, onde o estudiantado pode acceder facilmente á información relevante para o seu percorrido académico. Esta sección inclúe, ademais, un enlace directo á normativa da USC e aos regulamentos internos do centro, facilitando o acceso a todos os documentos de interese

## Grao en Traballo Social

### **DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

#### **CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:**

**Estándar:** A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Escola Universitaria de Traballo Social ten a páxina web propia do centro como referencia principal para a información pública da mesma.

A información contida neste apartado é a resulta da análise da información pública dispoñible en relación ao centro a a titulación de Grao en Traballo Social, tanto na páxina web propia ([www.euts.es](http://www.euts.es)), como no apartado correspondente ao mesmo na páxina web institucional de Universidade de Santiago de Compostela (<https://www.usc.gal/es/estudios/grados/ciencias-sociales-juridicas/grado-social>).

O centro ten establecido a publicación da información académica e administrativa en continua actualización, tanto nos taboleiros físicos da EUTS como na páxina web propia.

A información distribúese en 6 amplos apartados:

**Estrutura e organización:** Presentación. Localización e infraestruturas. *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales*. Órganos de Goberno. Profesorado. Responsables e Coordinadores. Persoal de administración e servizos.

**Estudos:** Grao en Traballo Social. Plan de estudos do Grao. Programa das materias. Calendario académico. Horarios de clases e de atención ao alumnado. Calendario de exames do curso. Cursos e Seminarios. Información “Curso 0”.

A información dos programas das materias é publica e en aberto, máis para acceder as guías docentes é necesario a chave de acceso, que o profesorado facilita ao estudantado matriculado en cada materia ao inicio do cuadrimestre (Portal do Estudiante).

**Estudantes:** Normativa de interese. Plan Acción Titorial e Programa de Titores. Programas de mobilidade. Recoñecemento de créditos. Bolsas e axudas.

No apartado “normativa de interese”, publícase a normativa de permanencia na USC; normativa propia da EUTS, como pode ser uso da biblioteca ou da aula de informática.

No apartado de “programas de mobilidade” publícanse as convocatorias dos diferentes programas, como ERASMUS, SICUE, Convenios Bilaterais, etc.

**Administración e Secretaría:** Matrícula. Atención ao público. Descarga de impresos. Contactar. Solicitude de programas das materias. Acreditación do nivel B1. Solicitude de certificacións académicas e de convalidacións.

**Servizos:** Biblioteca. Aula Informática.

**Outros:** Guía Académica. Ligazóns de interese. Sistema de Garantía Interna de Calidade. Memoria Grao en Traballo Social.

Neste apartado publícanse enlaces como pode ser aos diferentes servizos da USC, do Colexio Oficial de Traballo Social, e de outros centros de traballo social do resto do país.

A páxina de inicio da web propia é a de “Novas”, onde se publican os avisos e outras noticias que se van producindo, e

## Grao en Traballo Social

que tamén se fan públicas nos taboleiros físicos do centro. O contido deste apartado é o que máis se renova na web; na medida en que se produce a información de interese incorpórase a esta.

Na columna de **Destacados** publícase información referente ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, Saídas profesionais e de inserción laboral, estudantado de novo ingreso, Curso Ponte para estudantado procedente da Diplomatura en Traballo Social, entre outros.

Toda esta información é de acceso libre e aberta para todos os usuarios.

Na web hai dous apartados para os que para acceder é preciso ter *chave*, son o Taboleiro Virtual e o Portal do Estudiante.

No **Taboleiro Virtual** publícanse entre outros, as actas da Comisión de Título, as resolucións de faltas de asistencia, resolución das axudas da Fundación titular do centro, e calquera outra noticia que poda interesar ao estudantado na que figuren datos persoais do mesmo.

No **Portal do Estudiante**, o acceso é con unha chave concreta para cada materia, que o profesorado comunica ao estudantado ao inicio do cuadrimestre correspondente. Neste apartado o profesorado publica a guía da materia, avisos, cualificacións das probas realizadas, etc.

As materias están organizadas por curso, excepto para as materias optativas que figuran nun apartado diferenciado.

No apartado **Biblioteca Virtual** permite o acceso aos recursos da biblioteca propia da EUTS e aos da rede de bibliotecas de Galicia.

Tamén na páxina figura un apartado con información relativa ao **Sistema de Garantía Interna de Calidade** e outro donde se publica a **Guía Académica** do curso (información da titulación, datas de exames, normativa varia, etc.).

En ocasións puntuais, pola importancia ou urxencia da noticia e para axilizar a chegada da información ao estudantado remítenselle comunicacións a través dos seus correos electrónicos, tanto de xeito grupal (por cursos ou a todos/as en función do interese da información), como individualmente.

A modo de síntese inclúese unha táboa na que se indica onde atopar, de forma pública, a información relativa ao título, tanto na web propia como na da USC.

### Localización da información pública do Grao en Traballo Social

| Tipo de información                                                    | Web EUTS | Web USC |
|------------------------------------------------------------------------|----------|---------|
| Denominación do título                                                 | X        | X       |
| Número de créditos e duración do título                                | X        | X       |
| Centro responsable do título, e no seu caso, departamento ou instituto | X        | X       |
| Coordinador/a e/ou responsable do título                               | X        | X       |
| Centro onde se imparte o título                                        | X        | X       |
| Tipo de ensinanza                                                      | X        | X       |
| Número de prazas de novo ingreso ofertadas                             | X        | X       |
| Idiomas nos que se imparte o título                                    | X        | X       |
| Normas de permanencia                                                  | X        | X       |
| Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos                 | X        | X       |
| Memoria vixente do título                                              | X        | X       |
| Obxectivos do título                                                   | X        | X       |
| Competencias xerais                                                    | X        | X       |
| Competencias específicas                                               | X        | X       |
| Criterios de acceso e admisión                                         | X        | X       |
| Procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso | X        | X       |
| Perfil de ingreso recomendado                                          | X        | X       |
| Curso ponte (deseño curricular, criterios e condicións de acceso)      | X        | X       |

## Grao en Traballo Social

|                                                                                                                                             |   |   |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|---|
| Estrutura do programa formativo: denominación da materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo | X | X |
| Horarios                                                                                                                                    | X | X |
| Guías docentes                                                                                                                              | X | X |
| Traballo fin de grao (comisión de avaliación, convocatorias, etc.)                                                                          | X | X |
| Información sobre as prácticas externas (convenios establecidos con entidades colaboradoras, ...)                                           | X | X |
| Profesorado                                                                                                                                 | X | X |
| Aulas e seminarios                                                                                                                          | X | X |
| Aula de informática                                                                                                                         | X | X |
| Sala de estudio                                                                                                                             | X | X |
| Biblioteca                                                                                                                                  | X | X |
| Outros servizos                                                                                                                             | X | X |
| Resultados da titulación (taxa de graduación, taxa de abandono, taxa de eficiencia, inserción laboral, taxa de éxito, avaliación...)        | X | X |
| Órgano responsable do sistema de garantía de calidade do centro                                                                             | X | X |
| Política e obxectivos de calidade do centro                                                                                                 | X | X |
| Manual e procedementos do SGIC                                                                                                              | X | X |

Pode observarse que en ambos espazos web figura a información que como mínimo ten que facerse pública, atopando máis contidos e máis amplos na web propia. Nas dúas web existen enlaces que permiten o acceso entre ambas.

## Grao en Traballo Social

### **DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

#### **CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:**

**Estándar:** A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

#### **3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Escola Universitaria de Traballo Social desenvolve a súa política e obxectivos de calidade de acordo ao seu Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC), que foi avaliado positivamente segundo as directrices FIDES-AUDIT no ano 2011. O Manual de procesos, os documentos de aprobación e avaliación do SGIC están publicados na [web](#) propia do centro.

Valórase que no centro están implementados os mecanismos necesarios para recoller a información precisa que permite realizar a análise do título, e que se reflicte no seguimento e acreditación do mesmo, así como elaborar a Memoria de calidade do centro e o plan de melloras. Feito que se pon de manifesto na [acreditación](#) favorable do título, a última con data de xaneiro de 2023.

O SGIC permite detectar aqueles aspectos para os que se fai necesario levar a cabo accións de mellora para aumentar a calidade da docencia no Grao en Traballo Social, tal como se evidencia tanto no [Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación \(18/12/2022\)](#), como nos plans de mellora contemplados nos [informes de seguimento](#). En concreto, as accións de mellora que se plantexaron para o curso 2023-2024 derivan de estes, como son fortalecer a capacidade investigadora do profesorado (AM1), incorporar novos docentes a tempo completo ata unha adaptación á normativa vixente (AM3), e detectar as causas da baixa participación do alumnado nos programas de mobilidade internacional (AM4).

A comunicación e coordinación entre as/os responsables académicos, e os distintos grupos de interese do centro (estudiantado, persoal docente, persoal de administración e servizos) maniféstase coa súa participación nas reunións dos órganos colexiados establecidos para a titulación e o centro.

A Comisión de Título, convocada 14 veces ao longo do curso 2023-2024, é o órgano no que se abordan maioritariamente cuestións de carácter académico, e do que forman parte, entre outros a coordinadora de título, coordinadora de practicum, coordinadora de traballos de fin de grao (TFG), responsables de programas de mobilidade, e coordinadores de curso.

Para cada curso académico a coordinadora de título elabora un Informe de coordinación, que recolle a actividade académica levada a cabo no mesmo, e nel incorpórase a información contida no Informe de coordinación do prácticum e o Informe de coordinación dos traballos de fin de grao elaborados polas súas respectivas coordinadoras, así como información aportada polo profesorado do Grao. O Informe correspondente ao curso anterior ao analizado oi presentado

## Grao en Traballo Social

na Comisión de Título celebrada o 23 de novembro de 2023.

O Informe de coordinación correspondente ao curso 2023-2024 foi aprobado na reunión da Comisión de título celebrada o 4 de decembro de 2024. Ademais da información sobre o desenvolvemento das prácticas externas e TFG, figura tamén a referida á Xornada de acollida do estudantado de novo ingreso, curso 0 sobre presentación de traballos académicos, os programas de mobilidade, o programa *A ponte*, actividades complementarias á docencia, así como as reunións celebradas para a coordinación do ano académico en marcha e para a programación do seguinte a este.

A reunión de coordinación para valorar que os programas de materias a impartir do curso 2024-2025 se axustan á Memoria do título vixente celebrouse o 27 de maio de 2024, previa a sometelos á consideración da Comisión de título celebrada o 27 de maio de 2024 e a aprobación por Xunta de Centro con data 5 de xuño de 2024..

O centro ten na web propia un apartado de *Buzón de queixas e suxestións*, que enlaza directamente coa Oficina de Análise de Reclamacións da USC. Non consta que se teñan realizado reclamacións para o curso obxecto de análise ante a OAR da USC.

### **3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O Sistema de Garantía de Calidade do Centro que está establecido na EUTS contempla procesos que permiten a análise de resultados para o seguimento do título e a súa mellora, e aínda que segue sendo eficaz o SGIC precisa adaptarse, despois de catorce anos de vixencia, ás novas realidades da EUTS.

Tense contemplado unha acción de mellora para a revisión do SGIC pendente de concluír desde cursos anteriores, e deseñada para avanzar na súa actualización e obter nova certificación do mesmo (2022-2023 AM1 non executada) , polo que se incorporou dita acción ás propostas para o curso 2023-2024.

En outros aspectos as accións de mellora permitiron incrementar o resultado de taxas a partires da análise feita nos informes de seguimento, e as recomendacións do Informe final para a renovación da acreditación do título en 2022.

Conseguíuse reverter a tendencia na caída da demanda, manténdose a matrícula de novo ingreso (84 no 2023-2024) por encima das prazas ofertadas (80), ao que en certa medida contribuírían as accións levadas a cabo para lograr esta situación, e que están reflexadas en Informes de seguimento de cursos anteriores. Así mesmo unha acción de mellora deseñada para mellorar a participación no proceso de enquisas de satisfacción do estudantado coa docencia recibida, permitiu acadar uns altos niveis de resposta (79,92%), e polo tanto reforzar a representatividade dos valores obtidos.

Para seguir mellorando ou manter a taxa de participación nos procesos de enquisas de satisfacción, na Comisión de título de 23 de novembro de 2023 actualizáronse os protocolos para o desenvolvemento das enquisas dirixidas a distintos grupos de interese. En concreto con un papel máis activo por parte do alumnado titor para motivar aos /as compañeiros/ a cubrilas e a relevancia disto.

Facer un seguimento da taxa de gradación era unha recomendación contemplada no Informe final para a renovación da acreditación (2022), e obsérvase que no curso 2023-2024 obtívose o valor máis alto en canto á porcentaxe de alumnado

## Grao en Traballo Social

que rematou os seus estudos no prazo especificado no plan de estudos (83,33%), sendo 5,87 puntos superior ao curso inmediatamente anterior, e tamén moi superior á media dos últimos cinco cursos (74,55).

Para o curso 2023-2024 plantexáronse accións de mellora, como son:

- Concluir a elaboración do Manual Simplificado do SGIC (AM1 2022-2023 prorrogada)
- Análise sistemático das causas para coñecer a baixa participación do alumnado en programas de mobilidade internacional (AM4)
- Incremento gradual do profesorado a tempo completo (AM3)
- Fortalecer a capacidade investigadora do profesorado (AM1)

Concluir o Manual Simplificado do SGIC non se logrou no curso obxecto de análise.

Na Comisión de título de 20 de xuño de 2024 o Coordinador dos programas de mobilidade internacional presentou unha proposta de enquisa para coñecer causas da baixa participación do estudantado nos programas de mobilidade internacional (AM4), establecéndose o prazo de resposta e considerouse que sería adecuada a participación do alumnado titor.

O centro ten o compromiso de ir incrementando gradualmente o profesorado a tempo completo (AM3). No curso 2023-2024 producíronse varias baixas de profesorado no centro, en concreto no primeiro cuadrimestre deste curso xubilouse unha docente, pero como era algo previsto se planificou desde o curso anterior como reorganizar a distribución das responsabilidades docentes, e incorporar desde o inicio de curso a unha nova profesora a tempo completo. Tamén foi necesario levar a cabo outro proceso de selección para substituír desde o inicio do curso, a unha profesora con dedicación parcial ao centro e que causou baixa voluntaria.

Antes do inicio do segundo cuadrimestre do curso analizado, causou baixa voluntaria unha profesora a tempo completo o que fixo necesario levar a cabo un novo proceso de selección para incorporar a outro/a docente a tempo completo.

Neste curso non se incrementou o cadro de profesorado pero todas as baixas foron substituídas por outro/a profesor/a, polo que se mantén o número de estudantes por grupo de docencia en valores por debaixo do máximo establecido no regulamento da planificación docente.

Polo manifestado anteriormente pode sinalarse que o SGIC da EUTS, aínda non estando actualizado, é eficaz pois permite detectar aspectos que precisan ser observados e propoñer e implementar accións de mellora así como facer o seu seguimento, de cara a unha mellora continua do título tal como se observa nos valores acadados para a maioría de indicadores analizados neste Informe.

Dos cometidos e funcións que corresponden á Comisión de Calidade do Centro, destacar para o curso 2023-2024 os acordos tomados nas reunións de:

- 9 de novembro de 2023: Elaborar Informe para a declaración de intencións da modificación da Memoria de Verificación do Título.
- 30 de maio de 2024: Aprobar a proposta da Memoria de Calidade do curso 2022-2023 remitida pola Comisión de Título, e propostas de mellora.

### **INFORME DA CCC PARA A DECLARACIÓN DE INTENCIONS DA MODIFICACIÓN DA MEMORIA DE VERIFICACIÓN DO TÍTULO**

O Informe da CCC para a declaración de intencións da modificación da MVT foi o primeiro paso para realizar as modificacións propostas.

No Informe elaborado pola CCC sinalábase que o 16 de outubro de 2023, recibíuse correo procedente do SXOPRA, por

## Grao en Traballo Social

indicación da Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, no que se nos comunica que o Consello de Goberno da Universidade, na súa reunión do día 11 de outubro de 2023 aproba a Convocatoria anual de novas propostas e modificacións de memorias de grao (entre outras). Como consecuencia da entrada en vigor do RD 822/2021, a convocatoria recolle tamén o calendario e procedemento para a tramitación de modificacións non substanciais.

Trala lectura da Guía para a modificación de memorias de grao publicada pola ACSUG, desde a Secretaría de Centro fíxose consulta ao SXOPRA ao entender que as modificacións que se pretenden facer entrarían no suposto de “modificacións non substanciais”, aspecto que nos foi confirmado desde a xefatura do servizo indicándonos que a proposta de modificación non substancial debe incorporar:

1. Ámbito de coñecemento, xunto coa vinculación das materias de Formación Básica ao ámbito elixido.
2. Axuste da oferta de prazas á oferta real dos últimos cursos (como non implica novos recursos, considérase modificación non substancial).
3. Reaxuste de actividades formativas dentro do Practicum (non cambia o número de créditos nin outras características da materia).

As modificacións que se propuxeron no apartado número 1 emanan do RD 822/2021 e no 2 e 3 emanan das recomendacións do informe de acreditación aprobado en xaneiro de 2023.

No Informe motivado, a CCC fixo unha fundamentación das modificacións propostas (acta da CCC de 9 de novembro de 2023).

En Xunta de Centro de 21 de novembro de 2023 aprobouse por unanimidade o informe razoado proposto pola Comisión de Calidade de Centro, en relación á declaración de intencións para a modificación da Memoria do Grao en Traballo Social, para presentar no SXOPRA e iniciar o proceso de modificación.

O Consello de Goberno da USC aproba a proposta de modificacións non substanciais da Memoria de Grao en Traballo Social na súa sesión ordinaria de 27 de decembro de 2023. O 23 de abril de 2024 recíbese correo desde o SXOPRA co Informe Favorable emitido pola ACSUG e asinado pola súa dirección con data 1 de marzo de 2024.

Co informe favorable da ACSUG procédese a incorporar as modificación na aplicación do Ministerio de Educación establecida para isto, e o 30 de abril recíbese comunicación por parte deste organismo notificando requerimento para a subsanación da solicitude de verificación do Grao en Traballo Social.

Por parte do Ministerio sinálase que *“Para proseguir con la tramitación del título debe corregir los siguientes requisitos incumplidos”; Apartado 1.3 – Universidades y centros en los que se imparte – Requisitos no cumplidos: A tenor de lo establecido en el artículo 32 del Real Decreto 822/2021, de 28 de septiembre, por el que se establece la organización de las enseñanzas universitarias y del procedimiento de aseguramiento de su calidad, el cambio en el número de plazas ofertadas se considera modificación sustancial. Por ello no puede tramitarse esta solicitud como no sustancial. Rogamos revisen y corrijan.”*

Ante esta notificación contáctase co SXOPRA para ver como se emenda este contratempo inesperado para o Centro, debido a que, en todo momento tanto na documentación presentada, como nas comunicacións coa USC, e no informe favorable da ACSUG inclúese modificar a oferta do número de prazas de novo ingreso como unha modificación non substancial. A resposta obtida desde o SXOPRA da USC é que hai que deixar o número de prazas como está na memoria vixente (90) e telo en conta para que, cando se faga unha modificación substancial da memoria de grao, procédase a incluír esta modificación. Recoméndase gardar unha captura de pantalla da aplicación do Ministerio para xustificar, en próximas acreditacións/informes de calidade, que non se puido facer a modificación prevista. Para deixar constancia do proceso que levou ao Centro para solicitar esta modificación como non substancial, procedeuse a relatar os feitos cronolóxicos desenvolvidos desde a última acreditación no ano 2022 nun *Informe sobre a situación da modificación da memoria do Título*. Dito Informe foi aprobado en Comisión de Título de 27 de maio de 2024.

## Grao en Traballo Social

### **APROBACIÓN DA PROPOSTA DA MEMORIA DE CALIDADE DO CURSO 2022-2023**

Abordouse a proposta da Memoria de Calidade do Centro (MCC) para ser remitida á Xunta de Centro de cara á súa aprobación, e posteriormente enviala á Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC (ACMP) para ser informado por esta.

As novas accións de mellora plantexadas, tendo en conta o Informe de Seguimento 2022-2023, o IRA 2022, e a propia MCC, son:

- Que a Comisión de Título recabe información para coñecer as motivacións para o abandono por parte do alumnado
- Identificar causas que levan ao descenso da taxa de graduación entre o IRA 2016 e o IRA 2022 e facer un seguimento da evolución da taxa de eficiencia.
- Propoñer novamente o recoñecemento expreso por parte da USC do dereito de acceso do profesorado e persoal da EUTS aos programas de formación, en iguais condicións que o resto de persoal de dita institución
- Coñecer as causas da reducida participación dos/as estudantes en programas de mobilidade internacional a través dunha enquisa dirixida ao alumnado de 4º curso
- Fortalecer a capacidade investigadora do profesorado.
- Organizar unha xornada coa participación de entidades colaboradoras do Practicum e o alumnado de 4º curso en prácticas para achegar o mundo profesional ao estudantado.
- Continuar coa incorporación de novos docentes a tempo completo ata unha adaptación correcta á normativa.
- Administración da enquisa elaborada para coñecer as causas da baixa participación do alumnado en programas de mobilidade internacional, dirixida ao alumnado de 4º curso, e analizar a información obtida para o deseño, se procede, de accións de mellora en función dos resultados obtidos.

### **3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os Informes de seguimento foron elaborados e propostos pola Comisión de Título, para posteriormente remitilos á Comisión de Calidade do Centro, o que é garantía da participación de todos os grupos de interese representados en estes órganos nos procesos de calidade do centro.

A Memoria de Calidade do Centro aprobada pola Comisión de calidade do Centro, fai necesario que esta teña en conta o sinalado nos Informes de Seguimento e de renovación do Título. Memoria que posteriormente é sometida á aprobación da Xunta de centro. Queda de novo, constatada a participación de todos os grupos de interese no SGIC da EUTS.

Nas accións de mellora que se contemplaron nos distintos Informes de seguimento para cada curso, asignáronse responsables da execución/seguimento, período de execución, evidencias da súa implementación... polo que a responsabilidade do seguimento da implementación das accións de mellora do título implica a diversas persoas da

## Grao en Traballo Social

comunidade docente.

Un indicativo da implicación nos procesos de calidade por parte dos distintos grupos de interese, vese na resposta obtida na participación das enquisas de satisfacción, moi alta por parte do alumnado (79,92%), profesorado (92,86%), e o PAS do centro (83,33%)

# Grao en Traballo Social

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Tralo esforzo realizado nos últimos anos e recoñecido pola Comisión avaliadora para a renovación da Acreditación (2022), a EUTS conta, no curso 2023-2024 cun cadro docente no que o 71,42% ten o título de doutor/a. O 78,57% deste persoal docente ten dedicación completa e contrato indefinido. A avaliación por parte do estudantado da súa actividade docente resulta así mesmo moi positiva, acadando unha valoración global de 4,16, igual á do curso 2022/2023 pero cunha taxa de participación sensiblemente maior, que pasa do 61,59% (2021-2022) ao 74,92%. De xeito similar, a satisfacción do profesorado respecto á docencia impartida é a mesma que no curso 2021-2022, acadando o 4,5 pero cunha participación tamén incrementada, o 92,86% fronte ao 84,62% do curso anterior.

O 50% do profesorado supera os 15 anos de experiencia docente, cifra inferior á doutros anos como efecto das xubilacións que se están a producir nos últimos anos. O 42,85% do persoal docente posúe ademais unha dobre titulación, é dicir, son titulados/as en Traballo Social con outra titulación de grao ou licenciatura engadida (Socioloxía, Terapia Ocupacional ou Filosofía).

Si temos en conta o perfil académico do profesorado asignado a 1º curso, o 85,7% son doutores/as e o 12,5% posúen outra titulación engadida á de Traballo Social.

A ratio de estudantes por profesor a tempo completo é de 27,5 fronte ao 31,4 do curso 2022-2023.

Do cadro de profesorado do curso 2023-2024, 7 participan como investigadores no Proxecto internacional EUNIWELL WEFF titulado “Afrontamento do coidado en coidadores de familiares de persoas maiores con enfermidades graves: un estudo transcultural” (LONGCROSSCARE), liderado pola Universidade de Murcia e coa participación das Universidades de Santiago, Alabama, Birmingham, zu Köln e Università degli Studi di Firenze.(ata 2027).

Unha profesora pertence, como investigadora, ao Grupo de investigación de pedagogía social e educación ambiental SEPA-Interea da Universidade de Santiago de Compostela (ata 2026) no Proxecto de Colaboración “Desenvolver actuacións de apoio e asesoramento para a implementación de instrumentos de avaliación de proxectos orientados a

## Grao en Traballo Social

promover a inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social, en concreto, do Programa PARTICIPA (2023-CL038).

En canto ás prácticas externas todo o profesorado titor posúe a titulación en Traballo Social, xa que este é un requisito do centro. Neste caso, ademais, o 100% posúe outra titulación (maioritariamente Socioloxía) e o 25% está en posesión do título de doutor/a. A EUTS elabora unha enquisa propia para o estudantado de Practicum, na que se valoran de 1 a 10 diferentes ítems. A media global obtida para todas as titoras no curso 2023-2024 foi de 9,64.

Respecto ao profesorado que titoriza o Traballo de Fin de Grao, o 72,5% ten o título en Traballo Social e tamén conta co título de doutor/a.

A EUTS elabora tamén unha enquisa propia para o estudantado de TFG na que se valoran de 1 a 10 diferentes ítems. A media global obtida neste caso para o curso 2023-24 foi de 9,29.

Todo o persoal réxese na actualidade polo XIV Convenio de ámbito estatal para os centros de educación universitaria e investigación (BOE Nº 128 de 16 de maio de 2024).

### **4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No informe da Comisión avaliadora para a renovación da Acreditación (2022) considerouse que o persoal de administración e servizos é suficiente e o seu nivel de cualificación acorde coas previsións incluídas na memoria verificada. Este persoal segue a ser o mesmo: 6 persoas, tres con dedicación completa e tres con dedicación parcial, todas elas con contrato indefinido. A súa valoración respecto da satisfacción co seu traballo acadou unha puntuación media de 4,00, mellorando respecto á obtida para o curso 2022-23 (3,64).

## Grao en Traballo Social

### DIMENSIÓN 2. RECURSOS

#### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Escola Universitaria de Traballo Social ocupa unha superficie total aproximada de 1.800 m<sup>2</sup> distribuídos nunha única planta no edificio San Martín Pinario. Na actualidade conta cunha aula de 120 prazas, dúas aulas de 110 prazas, unha aula de 60 prazas e unha aula de 40 prazas. Ademais, o Centro pon a disposición do estudantado un seminario ou sala de estudo con capacidade para 42 persoas (que pode utilizarse tamén como aula en función das necesidades docentes), unha sala de lectura con mesas de traballo en grupo con 45 postos, anexa á biblioteca, e unha aula de informática con 20 postos.

Estes espazos considéranse axeitados para o desenvolvemento das actividades formativas, tendo en conta a distribución media do alumnado por grupos de docencia expositiva e interactiva:

Todas as aulas están equipadas con ordenador e canón proxector e fíxose un esforzo importante por ir renovando a tecnoloxía e o mobiliario da aula.

Todo o centro dispón de rede wifi con fibra óptica.

Aula de informática: Con 20 postos, é atendida no horario establecido por alumnado bolseiro do propio centro.

## Grao en Traballo Social

Biblioteca: A longa traxectoria da EUTS permite dispor dun amplo fondo bibliográfico, que conta coas principais obras de referencia da disciplina e as diferentes novidades que o profesorado solicita para as súas materias, así como as revistas máis consultadas no ámbito da disciplina. Ao comezar o curso 2023-24 (setembro) nos fondos da biblioteca se encontran depositados un total de 13.641 volumes.

Mensualmente, o persoal da biblioteca achega un correo electrónico ao profesorado coas novidades incorporadas. Esta mesma información faise chegar ao alumnado a través da páxina web do centro.

### Servizos de orientación académica

O Centro participa no Programa *A Ponte* que inclúe o *Programa de Titores*, que reciben formación específica por parte da USC. No curso 2023-24 cubríronse as catro prazas asignadas no programa. Ademais do apoio proporcionado polo alumnado participante no programa, o persoal de secretaría, administración e profesorado facilitan información e orientación académica. Tamén se dispón dun folleto propio sobre o centro e a titulación, un folleto específico sobre o servizo de Biblioteca e a Guía Académica da titulación, de acceso a través da web do centro.

Lévanse a cabo as adaptacións específicas necesarias para apoiar ao alumnado con discapacidade. Ditas adaptacións coordínanse co Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) e conforme aos protocolos publicados polo mesmo.

Facilítase, ao alumnado de 4º matriculado en TFG, Practicum ou ambos o *Manual para o Practicum e o Traballo de Fin de Grao en Traballo Social*, que aborda tanto os aspectos de procedemento como metodolóxicos, calendarización, etc. En canto á orientación profesional, desde o curso 2011-12 vense elaborando un dossier para o alumnado de 4º con información sobre inserción laboral. A partir de 2018 isto se transforma nunha sesión informativa sobre colexiación e saídas profesionais, coa colaboración do *Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia*.

Creouse tamén na web propia un espazo para recén egresados e postulados no que se ofrece información sobre a figura profesional, saídas profesionais e posibilidades de continuación de estudos, ademais de datos sobre inserción laboral dos egresados.

### Servizos de atención ao estudante

A EUTS conta con unha páxina web, [www.euts.es](http://www.euts.es), a través da cal accédese a o *Portal do estudante*, que permite a entrada ao espazo web de cada unha das materias do plan de estudos vixente. Dispónse dun espazo web específico, baixo a denominación *Taboleiro Virtual* con acceso a través de chave que se facilita ó estudante, onde se pode consultar diferente información de interese: Notas, actas de Comisión de Título, etc.

Tamén se dispón, con acceso a través da web, dunha caixa de queixas e suxestións para a presentación de iniciativas, suxestións ou queixas, que inclúe un enlace á *Oficina de Análises de Reclamacións (OAR)*.

### Programas de acollida e apoio ao estudante

O primeiro día lectivo do curso o equipo directivo xunto coa Coordinadora de Título, o/a Coordinador/a de 1º, profesorado, representantes do persoal de administración e servizos e representantes do alumnado titor, participou na Xornada de Acollida ao alumnado de novo ingreso. Facilitouse información sobre diferentes aspectos en relación á universidade e ó centro (itinerario formativo, procedementos, instancias, etc.).

### Prácticas externas

A titulación contempla a realización de prácticas externas no 2º cuatrimestre de 4º curso. Desde o ano 2017, a USC establece que os convenios para prácticas se firmen pola USC, a EUTS e a entidade colaboradora e con un período de vixencia de 4 anos.

No curso 2023-2024 realizaron as prácticas 67 alumnos/as, 4 no primeiro cuatrimestre e 63 no segundo. Ofertáronse en total 224 centros de prácticas, o que representa unha ratio de 3,34 prazas por alumno/a.

Este estudantado é o primeiro que ten que ser dado de alta como estudantado en prácticas na Seguridade Social.

O desenvolvemento da normativa que o regula na USC, ten a seguinte cronoloxía:

Con data **12 de setembro de 2023**, a USC publica a Resolución reitoral pola que se establece o réxime de inclusión da

## Grao en Traballo Social

Seguridade Social e a cotización do estudiantado da Universidade de Santiago de Compostela que realice prácticas externas. Nesta resolución establécese ademais que é necesario determinar os efectos que o RDL 2/2023 ten nos convenios vixentes e, así mesmo, establecer as obrigas respecto ao novos convenios que se poidan subscribir. Resolve que a USC asumirá as obrigas derivadas da inclusión no sistema de Seguridade Social do estudiantado que realice prácticas e que, nos convenios subscritos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2024 e que manteñan a súa vixencia despois da data indicada, a USC atenderá as obrigas derivadas da inclusión no sistema de Seguridade Social das prácticas académicas non remuneradas. Indica ademais que, a petición das entidades, pódese formalizar unha addenda ao convenio no que figure este compromiso e que, os novos convenios deberán contemplar expresamente este compromiso.

En **outubro de 2023**, o SXOPRA comunica que non se poden asinar máis prórrogas ao convenios que caducan a partir dese momento, porque están a elaborar un novo modelo de convenio e de addenda polo que, a partir dese momento haberá que renovar os convenios que caducan e facelo xa co novo modelo. Esta situación supuxo a paralización, tanto da xestión das prórrogas como do establecemento de posibles novos convenios ata ter o modelo marco actualizado. Por outra banda, recibimos comunicación non oficial de que os centros adscritos á USC quedábanos excluídos da resolución reitoral coa que a USC asume a xestión e pago da Seguridade Social do estudiantado. Faise consulta ao SXOPRA que nos confirma dita información. Esta situación provoca a necesidade de adaptar o novo modelo marco de convenios da USC a esta situación ao ter que contemplar que será a *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales* e non a USC a responsable deste aspecto en relación ao noso estudiantado, o que supuxo un novo parón na xestión de convenios ata ter ese novo “modelo adaptado” que non foi remitido desde a USC ata o **mes de decembro de 2024**. E a partir desde momento cando se empezan a xestionar novamente convenios e óptase por priorizar a renovación daqueles que estaban próximos a caducar (en lugar de asinar addenda e prórroga), co novo modelo.

En **xaneiro de 2024**, a USC publica a resolución reitoral 03/01/2024 pola que se modifica a resolución reitoral de 12/09/2023 pola que se establece o réxime de inclusión na Seguridade Social e cotización do estudiantado da USC que realice prácticas externas. Esta resolución reitoral ven provocada pola publicación do Criterio 11/2023. Ampliación 3ª. Consultas relativas á aplicación da disposición adicional quincuagésima segunda do RDL 8/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da *Ley General de la Seguridad Social por parte da Dirección General de Ordenación de la Seguridad Social, da Secretaría do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones*. En esta publicación, a propósito dunha consulta sobre a inclusión do estudiantado de prácticas extracurriculares non remuneradas, recóllese o seguinte “*como resulta fácil deducir, las prácticas extracurriculares, en tanto son de carácter voluntario y no forman parte del Plan de estudios, no pueden considerarse dirigidas a la obtención de las titulaciones que relacionar la letra a) del apartado 1 de la disposición quincuagésima segunda, por lo que su realización no permite el alta en el “Régimen General como asimilados a trabajadores por cuenta ajena al amparo de dicha disposición”*”.

Tendo isto en conta, a Resolución reitoral resolve modificar os puntos primeiro e segundo da RR de 12/09/2023 eliminando a cotización por parte da USC (e, no noso caso, da *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales*) das prácticas extracurriculares non remuneradas.

A raíz da publicación desta Resolución Reitoral, decídese excluír, do novo modelo de convenio propio deste centro, as prácticas extracurriculares.

No mes de **febreiro de 2024**, a USC publica unha nova Resolución reitoral 06/02/2024 pola que se establece o réxime de inclusión na Seguridade Social e Cotización do estudiantado da USC que realice prácticas académicas externas. Nela, no contexto da Cuarta ampliación do Criterio 11/2023 sobre a aplicación da disposición adicional quincuagésima segunda do RDL 8/2015 na que se produce unha viraxe interpretativa en virtude da cal se chega á conclusión de que as prácticas extracurriculares universitarias susceptible de incorporarse ao Suplemento Europeo ao Título e autorizadas previamente polo centro de formación deben considerarse incluídas no ámbito de aplicación da disposición adicional quincuaxésima segunda do TRLXSS, a USC avala a opción primixenia da Universidade, disciplinada na Resolución reitoral de 12/09/2023 na que a Universidade asumía a cotización por prácticas curriculares e extracurriculares non remuneradas.

## Grao en Traballo Social

### Convenios

De setembro de 2023 a xullo de 2024 (curso 2023-2024), asináronse 35 convenios (14 con entidades da Provincia de A Coruña, 3 da Provincia de Lugo, 1 da Provincia de Ourense, 5 da Provincia de Pontevedra e 12 de carácter autonómico). Deles, 13 son convenios novos, 2 prórrogas de convenios que caducaban nese curso, unha addenda e 19 renovacións tras caducidade do convenio anterior. Ademais 5 concellos adheríronse ao convenio da FEGAMP, todos promovidos pola EUTS. En xullo de 2024, están en vigor 188 convenios (71 son adhesións ao convenio da FEGAMP).

### Axudas ao alumnado de carácter ordinario:

**Axudas ao estudo:** A *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales*, entidade xurídica da que depende a EUTS, convoca anualmente estas bolsas de apoio ó estudio (mes de novembro), concibidas como axudas ó coste de matrícula do centro (equivalentes a dúas cotas), sen que repercutan nas contías por prezos públicos e sen que podan ser destinadas a ningunha outra finalidade. Pode solicitar esta axuda calquera alumno/a matriculado/a na EUTS. No curso 2023-24 concedéronse 12 axudas.

**Axudas ao alumnado participante en programas de mobilidade.** Para favorecer a mobilidade, o alumnado da EUTS que participa nalgún dos programas de mobilidade, pode solicitar esta axuda que exime do abono de dúas das cotas que lle correspondan pola matrícula de curso completo. Esta axuda concédese no 100% dos casos (No curso 2023-24 concedéronse a seis alumnos/as SICUE, a dúas alumnas ERASMUS e a tres de Convenio Bilateral).

**Bolsa de apoio para atención da aula de informática.** Convócase ao comezo de cada cuatrimestre, con unha dedicación compartida de 30 horas semanais.

## Grao en Traballo Social

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### **6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os datos presentados a continuación, extraéronse da análise dos presentados pola USC nos informes da área de calidade 2502230\_INF 17\_2023-2024, 2502230\_INF 18\_2023-2024 e 2502230\_INF 19\_2023-2024, e/ou do Panel de Indicadores (2502230\_P.Ind\_2023-24). Non se computaron os datos relativos a prácticas extracurriculares, créditos en réxime de intercambio, nin programa de titores.

#### **Taxa de rendemento (%)**

A taxa de rendemento aporta información sobre a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios nos que se matricularon.

A taxa de rendemento no curso 2023-2024 é de (86,88%), é moi similar á obtida no curso 2022-2023 (86,98%) so con una pequena diferenza negativa (0,10 puntos). Sen embargo, o valor da taxa de rendemento é superior ao curso 2018-2019, cursos académicos anteriores á situación de pandemia.

| Taxa de rendemento (IN34G) | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024    |
|----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|--------------|
| EUTS                       | 86,74     | 94,40     | 95,49     | 89,47     | 86,98     | <b>86,88</b> |

O dato obtido no ano analizado para a **taxa de rendemento na EUTS** (86,88) ven sendo **superior** en case 5,6 puntos respecto á **media da área de coñecemento** (81,31%), e de 5,2 puntos en relación á **media da USC** (81,65%).

| Taxa de rendemento                         | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024    |
|--------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|--------------|
| Media Área de Ciencias Sociais e Xurídicas | 79,14     | 87,10     | --        | --        | --        | <b>81,31</b> |
| Media USC                                  | 79,49     | 88,71     | 80,97     |           |           | <b>81,65</b> |
| EUTS                                       | 86,74     | 94,40     | 95,49     | 89,47     | 86,98     | <b>86,88</b> |

## Grao en Traballo Social

| Taxa de rendemento (INF18) | 2018-2019    | 2019-2020    | 2020-2021    | 2021-2022    | 2022-2023    | 2023-2024    |
|----------------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| 1º curso                   | 85,73        | 92,30        | 93,10        | 84,07        | 83,15        | 85,55        |
| 2º curso                   | 83,95        | 94,83        | 95,84        | 87,39        | 86,19        | 87,83        |
| 3º curso                   | 87,90        | 96,16        | 97,10        | 91,95        | 83,90        | 93,38        |
| 4º curso                   | 91,19        | 97,78        | 96,54        | 95,59        | 95,17        | 95,73        |
| <b>Total (%) (IN34G)</b>   | <b>86,74</b> | <b>94,40</b> | <b>95,49</b> | <b>89,47</b> | <b>86,98</b> | <b>86,88</b> |

Ao analizar a **taxa de rendemento por curso**, observamos que as porcentaxes do ano 2023-2024 son superiores aos acadados no curso inmediatamente anterior (83,90%), dándose o maior incremento no 3º curso (case 9,5 puntos), chegando ao 93,38%; no segundo lugar o incremento obtido no 1º curso, que con respecto a 2022-2023 e de 2,4 puntos, chegando no 2023-2024 ao 85,85%; con respecto ao 2º curso o incremento da taxa de rendemento foi de 1,64 puntos con respecto ao 2022-2023, e o menor incremento produciuse no 4º curso con algo máis de 0,5 puntos, pasando dun 95,17% no ano 22-23 a 95,73% no curso obxecto de análise.

| Taxas de rendemento das materias de formación básica (INF 18) | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|---------------------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| <b>Media total do valor porcentual</b>                        | 84,86     | 94,30     | 93,81     | 84,52     | 81,73     | 87,70     |

A media total do valor porcentual da **taxa de rendemento das materias de formación básica**, en relación ás obtidas nos dous últimos anos, incrementouse con respecto ao curso 2022-2023 (81,73%) en case 6,0 puntos acadando o 87,70% no 2023-2024

| Taxas de rendemento das materias obrigatorias (INF 18) | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|--------------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| <b>Media total do valor porcentual</b>                 | 86,92     | 94,74     | 95,04     | 89,98     | 87,48     | 88,96     |

Así mesmo, a **taxa de rendemento das materias obrigatorias** é superior neste último curso, en case 1,50 puntos en relación ao curso 2022-2023, chegando ao 88,98%..

## Grao en Traballo Social

| Taxas de rendemento das materias optativas (INF 18) | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|-----------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Media total do valor porcentual                     | 92,86     | 95,67     | 97,46     | 94,48     | 88,31     | 95,87     |

Na **taxa de rendemento das materias optativas** no 2023-2024, é onde se produce unha maior subida (7.56 puntos) con respecto ao curso anterior 2022-2023

### Taxa de éxito (%)

A taxa de éxito aporta información sobre a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron.

No curso académico 2023-2024 a taxa de éxito (91,13%), é superior á do curso inmediatamente anterior, en 0,85 puntos. Non obstante, a taxa de éxito para o curso obxecto de análise, é moi similar á obtida no curso académico inmediatamente anterior á pandemia (2018-2019), dado que nos cursos afectados pola situación de pandemia a metodoloxía de avaliación foi diferente e supuxo un significativo incremento nesta taxa.

| Taxa de éxito (IN35G)                      | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024    |
|--------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|--------------|
| Media Área de Ciencias Sociais e Xurídicas | 87,86     | 92,80     | --        |           |           | <b>87,63</b> |
| Media USC                                  | 87,78     | 94,17     | 87,92     |           |           | <b>88,09</b> |
| <b>EUTS</b>                                | 91,14     | 97,23     | 97,59     | 93,11     | 90,28     | <b>91,13</b> |

A media total do valor porcentual da taxa de éxito no curso que se está a analizar é de 91,13% sendo superior ao dato obtido no curso 2022-2023 que foi de 90,28%, con valores similares aos dous cursos anteriores á pandemia por covid 19.

O valor obtido no curso académico 2023-2024 para a media da **taxa de éxito na EUTS** (91,13%), é superior en 3,5 puntos sobre a **media da área de coñecemento** (87,63%) e de algo máis de 3 puntos á **media da USC** (88,09%), no mesmo curso.

## Grao en Traballo Social

| Taxa de éxito por curso (INF17) | 2018-2019    | 2019-2020    | 2020-2021    | 2021-2022    | 2022-2023    | 2023-2024    |
|---------------------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| 1º curso                        | 85,73        | 92,30        | 93,10        | 84,07        | 86,47        | 83,83        |
| 2º curso                        | 83,95        | 94,83        | 95,84        | 87,39        | 88,75        | 90,52        |
| 3º curso                        | 87,90        | 96,16        | 97,10        | 91,56        | 88,41        | 95,44        |
| 4º curso                        | 91,19        | 97,78        | 96,54        | 95,59        | 97,96        | 99,18        |
| <b>Total (%) (IN35G)</b>        | <b>91,14</b> | <b>97,23</b> | <b>97,59</b> | <b>93,11</b> | <b>90,28</b> | <b>91,13</b> |

A **taxa de éxito por curso** para o ano 2023-2024 foi do 91,13%, sendo superior á acadada no ano anterior (90,28%, aumentando en 0,85 puntos. Obsérvase un incremento da taxa de éxito en todos os cursos, agás en primeiro. No 2º curso, a taxa incrementouse en 1,77 puntos chegando a acadar o 90,52%. No 3º curso douse o maior incremento, chegando a superar en 7,00 puntos á do curso anterior (95,44%,) e no último curso 4º tamén se superou a taxa do 2022-2023 en 1,22 puntos, acadando o 99,18%.

| Taxas de éxito das materias de formación básica (INF 17) | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|----------------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| <b>Media total do valor porcentual</b>                   | 89,98     | 96,57     | 94,78     | 89,54     | 85,02     | 85,53     |

O resultado da **taxa de éxito das materias de formación básica** aumenta en máis de 0.5 puntos pasando de 85.02% en 2022-2023 a 85.53% no curso 2023-2024

| Taxas de éxito das materias obrigatorias (INF 17) | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|---------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| <b>Media total do valor porcentual</b>            | 91,03     | 97,65     | 98,61     | 93,58     | 90,66     | 92,69     |

En relación as **taxas de éxito das materias obrigatorias**, dase un aumento de máis de 2 puntos entre o último curso analizado é o 2023-2024 que chega ao 92,69%

| Taxas de éxito das materias optativas (INF 17) | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| <b>Media total do valor porcentual</b>         | 94,31     | 99,56     | 99,40     | 96,16     | 92,48     | 97,97     |

A maior subida desta taxa produciuse con respecto á **taxa de éxito das materias optativas**, chegando a ascender en 5,5 puntos (97,97% no curso 2023-2024 fronte a 92,48% no curso 2022-2023)

## Grao en Traballo Social

### Taxa de avaliación (%)

Se entende por taxa de avaliación, a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados.

No curso académico 2023-2024 o valor desta taxa é (95.33%), un pouco máis baixa -1,01 puntos que a taxa do curso académico anterior (96,34%), sendo lixeiramente máis baixa que á obtida nos anos 2019-2020 e 2020-2021 cursos con docencia baixo medidas excepcionais polo contexto da pandemia da Covid-19 (-1,76 puntos e -2,52 puntos respectivamente). A taxa de avaliación é un pouco máis elevada (0,16) no curso obxecto desta análise que no curso 2018-2019 (anterior a situación de pandemia).

| Taxa de avaliación IN36G                    | 2018-2019    | 2019-2020    | 2020-2021    | 2021-2022    | 2022-2023    | 2023-2024    |
|---------------------------------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| Media Área de Ciencias Sociales y jurídicas | 90,07        | 93,86        | -            | -            | -            | <b>92.79</b> |
| Media USC                                   | 90,55        | 94,21        | 92,09        | -            | -            | <b>92.69</b> |
| <b>EUTS</b>                                 | <b>95,17</b> | <b>97,09</b> | <b>97,85</b> | <b>96.09</b> | <b>96,34</b> | <b>95,33</b> |

No ano 2023-2024 a media do centro para a **taxa de avaliación é superior** en algo máis de un 2,5 puntos sobre a **media da área de coñecemento** (92,79%) e de case mais dun 2,6 puntos sobre a **media da USC** (92.69%).

É xusto aclarar que a valoración, en relación á **taxa de avaliación da EUTS** en todos os cursos académicos analizados, segue sendo **máis elevada** que a alcanzada pola USC e pola Área de Ciencias Sociais e Xurídicas.

| Taxa de avaliación por curso (INF19) | 2018-2019    | 2019-2020    | 2020-2021    | 2021-2022    | 2022-2023    | 2023-2024    |
|--------------------------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| 1º curso                             | 94,17        | 96,75        | 98,31        | 94,84        | 96,06        | 92,57        |
| 2º curso                             | 95,99        | 97,78        | 97,99        | 94,60        | 97,08        | 97,04        |
| 3º curso                             | 96,13        | 98,44        | 98,36        | 97,90        | 94,46        | 96,75        |
| 4º curso                             | 94,86        | 97,97        | 96,86        | 97,00        | 97,18        | 96,54        |
| <b>Total (%) (IN36G)</b>             | <b>95,17</b> | <b>97,09</b> | <b>97,85</b> | <b>96,09</b> | <b>96,34</b> | <b>95,33</b> |

O total porcentual da **taxa de avaliación por curso** 2023-2024 (95,33%) é inferior en 1,01 puntos con respecto ao ano anterior 2022-2023 (96,34%). Analizando curso por curso, vemos como a avaliación do 3º curso aumenta en case 2,3 puntos no 2023-24, mentres que no resto dos cursos diminúe a porcentaxe de taxa de avaliación en comparación co ano 2022-2023, como por exemplo no 1º curso, no que se da unha baixada de 3,49 puntos; sen embargo no 2º curso so diminúe 0,4 puntos

## Grao en Traballo Social

| Taxas de avaliación das materias de formación básica (INF 18) | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|---------------------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Media total do valor porcentual                               | 94,35     | 97,65     | 98,99     | 94,41     | 96,01     | 93,15     |

Na taxa de avaliación das materias de formación básica prodúcese un descenso de 2,86 puntos (93,15%) en comparación coa obtida no 2022-2023 que chega ao 96,01%

| Taxas de avaliación das materias obrigatorias (INF 18) | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|--------------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Media total do valor porcentual                        | 95,52     | 97,09     | 97,38     | 96,14     | 96,46     | 96,01     |

A taxa da avaliación das materias obrigatorias é dun 96,01% no curso 2023-2024. Valor lixeiramente inferior (-0,45 puntos) ao obtido no curso inmediatamente anterior, pero en valores próximos á media do período que é de 96,4

| Taxas de avaliación das materias optativas (INF 18) | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|-----------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Media total do valor porcentual                     | 98,44     | 97,78     | 98,05     | 98,11     | 94,85     | 97,79     |

En relación a taxa de avaliación das materias optativas, cun valor de 97,79% para o curso obxecto de análise, observase un incremento de 2,94 puntos en relación ao curso 2022-2023.

## Grao en Traballo Social

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### 7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### Taxa de ocupación (%).

Segundo os datos do indicador IN12G da ACEMP da USC

| Taxa ocupación<br>IN12G | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|-------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| EUTS                    | 107,50    | 98,75     | 101,25    | 102,50    | 103,75    | 102,50    |

O número de prazas ofertadas polo centro é de 80 dende o curso 2015-2016. No que respecta á taxa de ocupación media deste período, foi do 102,71%. É certo que para o curso 2019-2020 o índice de ocupación non alcanzou o 100,00%, por pouco, o que lastra o valor medio deste indicador. De feito, dos seis cursos analizados, dous cursos superaron esa media e outros dous están moi lixeiramente por debaixo. Con todo, o relevante é a tendencia no centro a superar o número de prazas ofertadas, o que se traduce nunha consolidación da cobertura total das prazas ofertadas para esta titulación.

#### Alumnado preinscrito en 1ª opción matriculado por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (%).

Para esta análise utilizouse o indicador IN10C, remitido pola ACEMP da USC, que relaciona o número de alumnos e alumnas que se matriculan na titulación de primeira opción matriculados por primeira vez e o total de prazas ofertadas.

| Alumnado preinscrito 1ª opción<br>IN10G | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|-----------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| EUTS                                    | 70,00     | 62,50     | 51,25     | 57,50     | 67,50     | 71,25     |

Para o período analizado, a porcentaxe media deste indicador é do 63,33%. Se ben é certo que houbo unha tendencia descendente a partir do curso 2018-2019, no curso 2021-2022 prodúcese un cambio de tendencia, ata chegar ao máis elevado de toda a serie co 71,25 do ano académico 2023-2024.

## Grao en Traballo Social

### Preferencias en canto a solicitude e matrícula nesta titulación (2502230\_INF.CIUG).

| Opción   | Curso 2020-2021 |                | Curso 2021-2022 |                | Curso 2022-2023 |                | Curso 2023-2024 |                 |
|----------|-----------------|----------------|-----------------|----------------|-----------------|----------------|-----------------|-----------------|
|          | %<br>Solicitude | %<br>Matrícula | %<br>Solicitude | %<br>Matrícula | %<br>Solicitude | %<br>Matrícula | %<br>Solicitude | %<br>Solicitude |
| Primeira | 18,9            | 50,0           | 20,1            | 56,1           | 24,2            | 65,1           | 22,4            | 69,5            |
| Segunda  | 17,6            | 24,4           | 15,9            | 15,9           | 18,0            | 16,9           | 16,0            | 19,5            |
| Terceira | 18,7            | 8,5            | 22,6            | 15,9           | 17,5            | 8,4            | 19,5            | 7,3             |
| Cuarta   | 18,4            | 8,5            | 19,1            | 8,5            | 19,1            | 8,4            | 16,5            | 1,2             |
| Quinta   | 14,3            | 4,9            | 11,7            | 2,4            | 12,0            | 1,2            | 15,5            | —               |
| Sexta    | 6,4             | 1,2            | 4,9             | 1,2            | 4,6             | -              | 4,5             | —               |
| Outras   | 5,6             | 1,2            | 1,45            | -              | 4,3             | -              | 5,5             | 2,4             |

Outra ferramenta útil para identificar as preferencias dos estudantes respecto da titulación é a información facilitada pola propia Comisión Interuniversitaria Galega, que se corresponde coa táboa anterior. Pódese comprobar que a metade ou máis da metade das persoas que se matricularon no primeiro curso do centro fixérono sendo esta a súa primeira opción; e non só iso, senón que a magnitude foi incrementando constantemente ata chegar ao valor máximo do curso 2023-2024 (69,5%). Se a isto lle engadimos aquelas persoas que o consideraron unha das súas dúas primeiras opcións, as porcentaxes superan por regra xeral as tres cuartas partes da matrícula (72,0% como valor máis baixo); e nos dous últimos cursos están por riba dos catro quintos (82,0% e 89,0% respectivamente). Polo tanto, pódese concluír que a maioría das persoas matriculadas no primeiro curso puideron ver satisfeitas as súas expectativas na elección da titulación académica a cursar.

### Informe do curso 23-24 do Grao en Traballo Social en relación ás medias da USC e da Área de Coñecemento

| Código | Nome                                      | Media Área Ciencias Sociais e Xurídicas | Media USC | Valor Grao en Traballo Social |
|--------|-------------------------------------------|-----------------------------------------|-----------|-------------------------------|
| IN34G  | Taxa de rendemento                        | 81,31                                   | 81,65     | 86,88                         |
| IN35G  | Taxa de éxito                             | 87,63                                   | 88,09     | 91,13                         |
| IN36G  | Taxa de avaliación                        | 92,79                                   | 92,69     | 95,33                         |
| IN37G  | Taxa de graduación                        | 61,69                                   | 60,57     | 83,33                         |
| IN38G  | Duración media dos estudos                | 4,59                                    | 4,80      | 4,13                          |
| IN40G  | Taxa de abandono durante o primeiro curso | 20,47                                   | 17,52     | 16,92                         |
| IN41G  | Taxa de abandono RD 1393/2007             | 21,75                                   | 20,13     | 9,09                          |

Destacar que en todas as taxas para as que existe valor da media tanto da área de coñecemento como da USC, os valores alcanzados pola titulación de Grao en Traballo Social **son sempre favorables ao título** sendo superior á media de ambas nas taxas de rendemento, éxito, avaliación e graduación, e sendo inferior á media de ambas nas taxas de duración media dos estudos, abandono durante o primeiro ano, e abandono RD 1393/2004.

A análise de cada unha das taxas realízase a continuación de xeito máis pormenorizado.

## Grao en Traballo Social

### Taxa de graduación (%).

Para a análise da taxa de graduación utilizouse o indicador IN37CG, enviado pola ACEMP da USC.

| Taxa graduación<br>IN37CG | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|---------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| EUTS                      | 80,65     | 72,34     | 62,32     | 71,21     | 77,46     | 83,33     |

A taxa de graduación é a porcentaxe do alumnado que rematou os seus estudos no prazo especificado no plan de estudos. O valor medio deste indicador para o período analizado é do 74,55%, o que pon de manifesto que un amplo sector do alumnado matriculado no centro fixo un correcto uso dos seus estudos realizándoos de forma oportuna. O curso 2023-2024 supuxo o valor máis alto da serie con moita diferenza (83,33%), 5,87 puntos superior ao curso inmediatamente anterior, que é o segunda taxa de gradación máis alta da serie temporal.

**A taxa de graduación é superior en 21 puntos sobre a media da área de coñecemento (61,69%) e de 22 puntos sobre a media da USC (60,57%)**

### Duración media dos estudos.

Para a análise da duración media utilizouse o indicador IN38CG, enviado pola ACEMP da USC.

| Duración media estudos<br>IN38CG | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|----------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| EUTS                             | 4,35      | 4,26      | 4,18      | 4,20      | 4,16      | 4,13      |

Algo máis de 4 anos é o que tarda aproximadamente o estudante da EUTS en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos. Isto demostra o grao de eficiencia do estudantado e da institución en relación coa actividade académica. Polo tanto, para o período analizado, os 4 anos de grao alcanzan unha media de 4,21 anos, o que dá boa conta da efectividade mencionada.

O 2023-2024 marcou o valor máis baixo (4,13) da serie temporal estudada, o cal contrasta coa duración media para outros graos da área de coñecemento (4,59), e a media de duración para o conxunto da USC (4,80).

### Taxa de eficiencia ou rendemento dos titulados (%).

Para a análise da taxa de eficiencia utilizouse o indicador IN53CG, enviado pola ACEMP da USC.

| Taxa de eficiencia<br>ou rendemento titulados<br>IN53CG | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|---------------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| EUTS                                                    | 93,85     | 93,08     | 96,13     | 96,82     | 97,78     | 96,59     |

Esta taxa indica a porcentaxe de créditos superados polo estudante ao longo da titulación na que se graduou e o número total de créditos cursados. En ningún dos últimos seis cursos este indicador estivo por debaixo do 93% e mesmo nos último catro ningún valor estivo por debaixo do 96%. Estes resultados axudan a explicar a existencia dunha boa relación entre o número de cursos a realizar para obter o título de grao e os anos necesarios para obtelo. Para o período estudado, a media foi do 95,71%.

## Grao en Traballo Social

### Taxa de abandono durante o primeiro curso (%).

Para a análise da taxa durante o primeiro curso utilizouse o indicador IN40CG, enviado pola ACEMP da USC.

| Taxa abandono durante o 1º curso<br>IN40CG | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|--------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| EUTS                                       | 27,54     | 13,64     | 15,49     | 7,58      | 5,00      | 16,92     |

A porcentaxe de estudantes que se matricularon por primeira vez na titulación e que abandonaron no curso seguinte alcanzou unha media de 14,36 para o tempo de estudo. Se ben é certo que para o período estudado a tendencia era descendente, aínda que algo irregular, esa dirección mudou de xeito significativo no último curso. Con todo, segue por debaixo da taxa de abandono da área de coñecemento (20,47%) e da apañada pola USC (17,52%).

### Taxa de abandono RD 1393/2007 (%).

Para a análise da taxa de abandono do RD 1393/2007 utilizouse o indicador IN41G, remitido pola ACEMP da USC.

| Taxa de abandono<br>IN41G | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|---------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| EUTS                      | 9,68      | 21,28     | 31,88     | 22,73     | 18,31     | 9,09      |

A taxa de abandono RD 1393/2007 relaciona na porcentaxe a cohorte de estudantes de novo ingreso que deberon obter o título nun ano académico anterior e que non se matricularon nese curso académico nin no anterior. O curso 2023-2024 expresa o resultado máis baixo de toda a etapa avaliada (9,09%), mesmo reducindo ata a metade a do curso anterior; algo que tamén acontece se a comparanza se realiza con respecto á media da taxa dos seis último cursos (18,83%)

### Taxa de éxito (%).

Para a análise da taxa de éxito utilizouse o indicador IN35CG, enviado pola ACEMP da USC.

| Taxa de éxito<br>IN35CG | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|-------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| EUTS                    | 91,14     | 97,23     | 97,59     | 93,11     | 90,28     | 91,13     |

A taxa de éxito superou o 91% en todos e cada un dos cursos analizado. A taxa media de éxito para o período foi de 93,41%, o que supón que se superaron 9 dos 10 créditos ordinarios nos que se matriculou o alumnado. Polo tanto, a partir da avaliación deste indicador só pode ser positiva. No referido ao curso 2023-2024, o valor expresado para este indicador foi do 91,13%, superior en 0,85 puntos o do curso anterior.

O valor obtido para a media da taxa de éxito é superior en 3,5 puntos sobre a media da área de coñecemento (87,63%) e 3,0 puntos a media da USC (88,09%).

### Taxa de éxito dos titulados (%).

Para a análise da taxa de éxito utilizouse o indicador IN50CG, enviado pola ACEMP da USC.

| Taxa éxito dos titulados<br>IN50CG | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| EUTS                               | 93,85     | 93,08     | 96,51     | 97,36     | 98,28     | 97,00     |

## Grao en Traballo Social

Desde 2018-2019 ata o curso pasado, a media da taxa de éxito dos titulados foi do 96,01%. Este índice relaciona o número total de créditos que o estudante superou ao longo da titulación na que se graduou e o número total de créditos nos que se matriculou. En boa lóxica, os valores deben superar o 90%, algo que se alcanza con creces neste centro; mesmo nos últimos cursos ficando a tres puntos ou menos do 100%, sendo os resultados máis altas da serie temporal estudada.

### Taxa de idoneidade na graduación (%).

Para a análise da taxa de éxito utilizouse o indicador IN51CG, enviado pola ACEMP da USC.

| Taxa de idoneidade na graduación<br>IN51CG | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|--------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| EUTS                                       | 67,74     | 53,19     | 52,17     | 69,01     | 74,24     | 66,67     |

A taxa de idoneidade na gradación é a porcentaxe de estudantes que remataron os seus estudos no tempo previsto no plan de estudos. A media do período analizado foi do 63,84%, unha media que se superou satisfactoriamente todos os anos, agás naqueles nos que tivo incidencia directa as restricións vinculadas á pandemia. A importancia deste indicador vén dada porque sinala o grao de eficiencia do estudantado e da institución en relación coa súa actividade académica, que se pode cualificar de destacable. A taxa para o curso obxecto de análise supera en 2,83 puntos a media mencionada.

### 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A análise que se presenta neste apartado baséase nos informes e indicadores remitidos pola ACEMP da USC, correspondentes ao período analizado, que abarca desde 2018-19, ata o último curso que é, á súa vez, obxecto de análise, 2023-2024. Cómpre aclarar que non se reflicten algúns datos dos cursos 2019-20 e/ou 2020-21, xa que nas enquisas de satisfacción non se valoraron algúns aspectos que se tiñan en conta en anos anteriores, dado o especial contexto provocado pola pandemia de Covid-19.

As avaliacións poden ter unha valoración máxima de 5. Tendo en conta isto, os datos referidos á satisfacción dos grupos de interese veñen reflectindo valores moi satisfactorios nos últimos 6 cursos académicos.

#### SATISFACCIÓN CO PERSOAL ACADÉMICO.

##### Satisfacción do alumnado coa docencia recibida.

A análise da satisfacción do alumnado coa docencia recibida realízase a partir do Indicador IN46G.

| Media de satisfacción do alumnado<br>coa docencia recibida | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-2024 |
|------------------------------------------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|-----------|
| EUTS                                                       | 4,15    | 4,33    | N/A     | 3,93    | 4,16    | 4,16      |

A media global de satisfacción do alumnado coa docencia recibida no período analizado é de 4,15 (cómpre ter en conta a ausencia de datos para o curso 2020-2021), xa que logo, a valoración realizada por parte do estudantado da EUTS é altamente positiva tanto en xeral como para cada un dos cursos pasados. No relativo ao curso 2023-2024 a satisfacción media do alumnado coa docencia recibida é de 4,16, repetindo exactamente o resultado do curso anterior, encaixando perfectamente na media anteriormente mencionada. Con todo, o valor acadado para esta taxa é superior ao valor medio tanto da Área de Coñecemento (4,03) como da

## Grao en Traballo Social

USC que é 4,13 no curso 2023-2024.

Os datos recollidos no informe 2502230 INF 13 1S permiten analizar diferentes aspectos polos que se preguntou nos cuestionarios que miden a satisfacción do estudantado co ensino recibido. Neste sentido, cómpre destacar como aspectos máis valorados os seguintes: o grao de cumprimento do programa e o plan de traballo; e os contidos sexan explicados segundo o establecido na programación temporal; e a resolución das dúbidas que se lle formulan.

### Aspectos máis valorados polo alumnado en relación coa docencia recibida, curso 2023-2024.

|                                                                                                                                        |      |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------|
| O/a docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación?                                                            | 4,35 |
| Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?                                                                                      | 4,39 |
| O alumnado sabe de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos?              | 4,26 |
| Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia?                                                                 | 4,29 |
| O/a docente resolveu as dúbidas relacionadas coa materia que se lle trasladaron (aula, titorías, aula virtual, correo electrónico...)? | 4,32 |
| Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes?                                                           | 4,24 |
| A axuda recibida nas titorías foi de utilidade (só contestada por quen as empregou)?                                                   | 4,27 |
| Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia                                                                              | 4,12 |

| Taxa de resposta do alumnado coa docencia recibida | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-2024 |
|----------------------------------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|-----------|
| EUTS                                               | 34,64   | 48,32   | 43,56   | 17,70   | 61,19   | 79,92     |

En canto á participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida, os datos correspondentes ao curso 2023-2024 indican que é a máis alta, con diferenza, do período: 8 de cada 10 estudantes da EUTS responderon enquisas.

### SATISFACCIÓN COS RECURSOS.

No Informe 2502230 INF 22 recóllense datos de satisfacción sobre algúns recursos, concretamente avalíanse os seguintes aspectos:

|                                                                    | 2022-23 | 2023-2024 |
|--------------------------------------------------------------------|---------|-----------|
| O calendario de probas de avaliación é razoable?                   | 3,75    | 4,21      |
| En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación neste curso          | 3,63    | 4,11      |
| A oferta de prácticas é atractiva?                                 | 3,29    | 4,00      |
| O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?   | 3,25    | 3,89      |
| A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos? | 3,84    | 3,75      |
| En xeral, considero que a avaliación está ben organizada           | 3,63    | 3,74      |

As puntuacións destes aspectos presentan resultados satisfactorios, sendo a valoración global do 3,64. Con todo, o indicador que expresa unha valoración máis baixa sería sobre as infraestruturas e materias dispoñíbeis no centro (2,84).

## Grao en Traballo Social

### SATISFACCIÓN COAS PRÁCTICAS EXTERNAS.

#### Satisfacción do alumnado coas prácticas externas.

O Indicador IN19G recolle os valores de satisfacción do alumnado coas prácticas externas de 4 dos cursos do período analizado, e representa unha media global de satisfacción de 4,46. Este resultado reflicte a alta satisfacción do alumnado deste centro coas prácticas curriculares, un dos puntos fortes da titulación polo peso que representan, 22 créditos ECTS. Destacar que nos dous últimos cursos analizados téñense acadado os valores máis altos do período avaliado.

| Media de satisfacción do alumnado coas prácticas externas | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|-----------------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| EUTS                                                      | 4,16      | —         | 4,43      | —         | 4,79      | 4,46      |

No Informe 2502230 INF 06 recóllense os aspectos avaliados da satisfacción do alumnado coas prácticas externas. A media global de satisfacción respecto as cuestións formuladas sobre as prácticas externas é de 4,4, polo que é altamente positiva.

#### Aspectos valorados polo alumnado en relación ás prácticas externas, 2023-2024

|                                                                                                                                  |      |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------|
| A información previa recibida do procedemento das prácticas externas foi adecuada (requisitos, prazas ofertadas, horarios, etc.) | 4,50 |
| A duración das prácticas foi adecuada                                                                                            | 4,80 |
| As instalacións e os medios materiais cos que se contou na institución foron adecuados                                           | 4,70 |
| A atención recibida por parte do/da titor/a profesional e do persoal da institución foi adecuada                                 | 4,70 |
| As actividades desenvolvidas tiñan unha relación clara coa formación da carreira                                                 | 4,20 |
| As actividades desenvolvidas na institución cumpriron as expectativas do/da alumno/a                                             | 4,20 |
| En xeral, as prácticas supoñen un bo contacto co mercado laboral                                                                 | 4,30 |
| A información, orientación e atención prestada por parte do/a titor/a académico/a                                                | 4,30 |
| Satisfacción do período de prácticas externas                                                                                    | 4,40 |

#### Satisfacción dos/as titores/as profesionais coas prácticas externas

O Indicador IN20G recolle as avaliacións dos traballadores sociais sobre as prácticas curriculares desta titulación, sendo lixeiramente superior o dato obtido en relación ao curso anterior, 4,39 fronte a 4,55.

| Media de satisfacción dos/as titores/as profesionais coas prácticas externas IN20G | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-2024 |
|------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|-----------|
| EUTS                                                                               | 4,21    | —       | 4,17    | 4,58    | 4,39    | 4,55      |

No Informe 2502230 INF 07 achéganse os datos correspondentes ao último curso analizado, sobre os aspectos valorados polos/as traballadores/as sociais que guían ao alumnado desta titulación. Destacan cos valores máis altos, obtendo unha puntuación de 4,61 a categoría que indica a satisfacción coas tarefas desenvolvidas como titor/a profesional de prácticas, é 4,95 foi a valoración sobre que as prácticas supoñen un bo contacto do alumnado co mundo laboral. Por outra banda, practicamente todos os aspectos obteñen un resultado igual ou superior a 4.

## Grao en Traballo Social

### Aspectos valorados polos/as titores/as profesionais en materia de prácticas externas, 2023-2024

| Valoración polos titores profesionais coas prácticas externas<br>2502230 INF 07                                    | 2022-2023 | 2023-2024 |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|-----------|
| A información previa recibida do procedemento das prácticas externas foi adecuada                                  | 4,38      | 4,48      |
| A coordinación e a planificación das prácticas realizouse atendendo as necesidades da institución e do/a estudante | 4,47      | 4,57      |
| Coordinación adecuada coa universidade e os/as responsábeis académicos/as do procedemento de prácticas             | 4,35      | 4,55      |
| As competencias previas do alumnado axústanse ás necesidades da institución                                        | 3,93      | 4,20      |
| O alumnado mantivo unha actitude proactiva e mostrou interese pola institución                                     | 4,48      | 4,58      |
| Consideración de que as prácticas supoñen un bo contacto do alumnado co mundo laboral                              | 4,71      | 4,95      |
| O desempeño xeral do alumnado foi adecuado para a institución                                                      | 4,34      | 4,58      |
| Grao de satisfacción coas tarefas desenvolvidas como titor/a profesional de prácticas externas                     | 4,51      | 4,61      |
| Consideración da duración das prácticas como adecuada                                                              | 4,23      | 4,41      |

Ao respecto de si contratarían ao alumnado que realizou prácticas, o 88,37% manifestou que si. Así mesmo o 95,45% volvería a ofertar as prácticas, dato relevante para o centro pois é un indicativo da satisfacción co desenvolvemento das prácticas aliñado cos valores dos ítems da táboa anterior.

### Satisfacción dos/as titores/as académicos coas prácticas externas

Os valores recollidos no documento IN21G sobre a satisfacción das titoras académicas coas prácticas externas aporta un valor medio de 4,81, o que é unha valoración altamente positiva, en consonancia cos outros cursos para os que existen datos.

| Media de satisfacción dos/as titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas<br>IN21G | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-2024 |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|---------|---------|-----------|
| EUTS                                                                                               | 4,88      | —         | 4,86      | —       | —       | 4,81      |

### Aspectos valorados polos/as titores/as académicos en materia de prácticas externas, 2023-2024

| Valoración polos/as titores profesionais coas prácticas externas<br>2502230 INF 08                                           | 2022-2023 | 2023-2024 |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|-----------|
| A coordinación e a planificación das prácticas realizouse atendendo as necesidades do/da alumno/a e da institución/ empresa? | 4,88      | 5,00      |
| Mantiven unha boa comunicación e coordinación coa institución/empresa e os responsables profesionais?                        | 4,88      | 5,00      |
| As competencias profesionais previas do alumno/a eran as axeitadas para a praza ofertada?                                    | 4,75      | 4,25      |
| Considero que estas prácticas supoñen un bo contacto dos/das estudantes co mundo laboral?                                    | 5,00      | 5,00      |
| O desempeño xeral do/da alumno/a foi axeitado?                                                                               | 4,75      | 4,50      |
| Estiven atento/a ás necesidades do/a tutorando/a e mantiven unha comunicación axeitada con el/ela?                           | 5,00      | 5,00      |

## Grao en Traballo Social

|                                                                                                                                                             |             |             |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|-------------|
| Indique o seu grao de satisfacción xeral coas tarefas desenvolvidas como titor/ra académico/a das prácticas externas (volume, dificultade das mesmas, etc.) | 5,00        | 4,75        |
| A organización e o desenvolvemento xeral do programa de prácticas é axeitada?                                                                               | 4,88        | 5,00        |
| <b>Valoración global</b>                                                                                                                                    | <b>4,89</b> | <b>4,81</b> |

No Informe 2502230 INF 08 PLN.TCN.PRC recóllense os aspectos valorados polos titores académicos cos programas de prácticas externas. Cómpre sinalar que no curso 2023-2024 hai 5 cuestións que alcanza a valoración máxima (5,00): a *coordinación e a planificación das prácticas realizáronse atendendo ás necesidades do alumnado e a da institución ou empresa; mantiven unha boa comunicación e coordinación coa institución e os responsábeis institucionais; considero que estas prácticas supoñen un bo contacto do estudantado co mundo laboral; estiveron atento/a ás necesidades do/a titorando e mantiven unha comunicación axeitada con el/ela; a organización e desenvolvemento xeral do programa de prácticas é axeitada.*

### SATISFACCIÓN CO PROCESO FORMATIVO

#### Satisfacción do profesorado coa ensinanza impartida.

Para a análise da satisfacción do profesorado coa docencia impartida utilizouse o Indicador IN47G e o Informe 2502230 INF14.

A media global, para o período analizado, de satisfacción do profesorado coa docencia impartida é de 4,53, valor a menos de medio punto do seu máximo, valor similar ao dos tres últimos cursos. Obsérvase que os números expresados para cada ano por este indicador non expresan moita diferenza entre eles.

| Media de satisfacción do profesorado coa docencia impartida IN47G | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|-------------------------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| <b>EUTS</b>                                                       | 4,64      | 4,41      | 4,50      | 4,55      | 4,50      | 4,57      |

#### Os 6 aspectos máis valorados polo profesorado en relación coa docencia impartida no curso 2023-2024.

|                                                                                                                                           | 2022-2023 | 2023-2024 |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|-----------|
| Trato correcto co alumnado                                                                                                                | 4,75      | 4,93      |
| Amósome accesible nas miñas aulas e nas titorías                                                                                          | 4,83      | 4,91      |
| Informo ao alumnado axeitadamente dos criterios de avaliación                                                                             | 4,86      | 4,89      |
| Interese en recibir formación de apoio para a mellora da docencia (novos recursos docentes, novas tecnoloxías aplicadas á docencia, etc.) | 4,75      | 4,84      |
| A coordinación entre as distintas materias e niveis do título é adecuada                                                                  | 4,61      | 4,73      |
| Organizo e estrutura ben as miñas aulas                                                                                                   | 4,50      | 4,70      |

As medias dos items arriba indicados son lixeiramente superiores ao curso anterior, e en todos eles superior a 4,50. De igual modo, cómpre destacar que a participación do persoal docente foi do 92,86%. Isto pon en valor a implicación do profesorado na resposta a este tipo de exercicios valorativos como na homoxeneidade da opinión expresada. No sentido contrario, as puntuacións máis baixas correspóndense sobre a percepción sobre o nivel de participación crítica e activa do estudantado nas aulas (4,09) e sobre a satisfacción global co traballo realizado polo alumnado nas aulas (4,30), rexistros que, con todo, tamén son bastante altos.

#### Satisfacción do profesorado coa titulación

O documento 2502230 INF 23 inclúe os valores referidos á satisfacción do profesorado coa titulación con unha media de 4,11; practicamente idéntico ao curso anterior (4,15).

## Grao en Traballo Social

### Os 6 aspectos máis valorados polo profesorado coa titulación no curso 2023-2024.

|                                                                           | 2022-2023 | 2023-2024 |
|---------------------------------------------------------------------------|-----------|-----------|
| O estudantado recibe unha formación en competencias profesionais adecuada | 4,43      | 4,88      |
| Considero que a titulación está ben organizada                            | 4,57      | 4,88      |
| A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos prácticos           | 4,57      | 4,75      |
| A información sobre a titulación é adecuada                               | 4,57      | 4,63      |
| O calendario de probas de avaliación é razoable                           | 4,29      | 4,63      |
| Valora a calidade docente da túa titulación                               | 4,57      | 4,50      |
| Satisfacción coa titulación                                               | 4,57      | 4,50      |

En relación ao resto dos ítems, preocupan aqueles cunha valoración inferior a 3, que se corresponden coa regularidade coa que o estudantado acude ás aulas (2,50), e a implicación do alumnado da titulación (2,75); resultados que son os máis baixos do período avaliado.

| Taxa de participación do profesorado coa titulación | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|-----------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| EUTS                                                | 61,54     | 69,23     | 53,85     | 57,14     |

A participación do profesorado na enquisa de satisfacción coa titulación increméntase en case 3,5 puntos respecto ao curso anterior. A media global do período analizado é do 60,44%.

### Grao de satisfacción xeral dos titulados coa titulación

Datos recollidos no indicador IN42G. A satisfacción das persoas egresadas coa titulación é a máis alta de toda a serie temporal, se ben é certo que non hai variacións altamente significativas.

| Grado de satisfacción xeral das persoas egresadas coa titulación IN42G | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|------------------------------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| EUTS                                                                   | 3,38      | —         | 3,39      | 3,32      | —         | 3,50      |

No INF 09 reflíctese que a participación dos titulados na enquisa de satisfacción das persoas egresadas da titulación no segundo cuatrimestre do curso 2022-2023 (o informe elaborouse no curso 2023-2024) foi baixa (9,38%).

Entre as cuestións máis valoradas, cómpre destacar a formación teórica recibida (4,33); o traballo en equipo (4,33); a capacidade de planificación, coordinación e organización (4,17); ou a relación entre o seu traballo coa titulación cursada (4,00). No polo oposto estaría a percepción do prestixio da USC (3,00) e a satisfacción xeral coa universidade (3,17).

### SATISFACCIÓN COS PROGRAMAS DE MOBILIDADE

#### Satisfacción do alumnado entrante cos programas de mobilidade

Non consta a existencia de algún indicador que recolla datos referidos a este aspecto.

#### Satisfacción do alumnado saínte cos programas de mobilidade

No Indicador IN15G, a media de satisfacción do alumnado da titulación que participa en programas de mobilidade no período que se dispón datos é de 3,80 estando por riba o valor acadado para o curso 2023-2024 (3,94).

## Grao en Traballo Social

| Satisfacción alumnado saínte cos programas de mobilidade IN15G | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|----------------------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| EUTS                                                           | 3,87      | —         | 4,51      | 3,00      | 3,67      | 3,94      |

### SATISFACCIÓN EN RELACIÓN CO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

No Indicador INF21 preséntanse os resultados da avaliación do Persoal de Administración e Servizos co traballo realizado durante o curso 2023-2024, cun resultado medio do 4,00. Destácanse a continuación aquelas preguntas que recibiron os valores máis altos.

Os 4 aspectos máis valorados polo PAS co traballo realizado no curso 2023-2024.

|                                                                           | 2023-2024 |
|---------------------------------------------------------------------------|-----------|
| Síntome parte do equipo                                                   | 4,50      |
| Coñezo as miñas funcións e as miñas responsabilidades están definidas     | 4,40      |
| Os recursos dispoñíbeis para o traballo son axeitados (equipamentos)      | 4,40      |
| A persoa responsable da unidade coordina e dirixe correctamente ao equipo | 4,25      |

No sentido contrario, as puntuacións máis baixas correspóndense coa valoración sobre a accesibilidade ao lugar de traballo (3,00) e sobre a coordinación con outras universidades (3,50).

### 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A análise da inserción laboral das persoas egresadas da titulación que se expoñen neste apartado ten como referencia as seguintes fontes:

- Os datos aportados pola ACEMP da USC, no Informe 2502230\_INF.EIL.SIIU 2023-24 e no Informe 2502230\_INF.EIL.ACSUG\_2022-2023
- A última enquisa propia do centro sobre inserción laboral, realizada en xullo de 2024

No Informe 2502230\_INF.EIL.SIIU 2023-24, apórtanse datos das promocións egresadas, desde o curso 2012-2013 ata o curso 2017-2018, relativos á taxas de afiliación, porcentaxes de autónomos, porcentaxes de indefinidos, grupo titulados e BCM anual, entre outros. A súa vez, esta información vaise desglosando, e mostra resultados desde un, dos, tres e catro anos posteriores á graduación. Os datos relativos á titulación do Grao en Traballo Social de Santiago de Compostela, expóñense nas táboas seguintes.

#### Promoción egresada no curso 2012-2013 Número de persoas egresadas: 104

| Anos desde o egreso | Taxa de afiliación | Taxa afiliación media | % de autónomos | % de indefinidos | Grupo titulado/ass | BCM anual |
|---------------------|--------------------|-----------------------|----------------|------------------|--------------------|-----------|
| 2 anos              | 50                 | -                     | 3,85           | 46,81            | 59,62              | -         |
| 3 anos              | 65,38              | -                     | 1,47           | 37,1             | 54,41              | 19.208,42 |
| 4 anos              | 70,19              | -                     | 1,37           | 32,84            | 67,12              | 20.244,6  |

## Grao en Traballo Social

### Promoción egresada no curso 2013-2014

Número de persoas egresadas: 97

| Anos desde o egreso | Taxa de afiliación | Taxa afiliación media | % de autónomos | % de indefinidos | Grupo titulados/as | BCM anual |
|---------------------|--------------------|-----------------------|----------------|------------------|--------------------|-----------|
| 1 ano               | 32,99              | -                     | 0              | 37,93            | 62,5               | -         |
| 2 anos              | 53,61              | -                     | 1,92           | 40,91            | 59,62              | 20.807,03 |
| 3 anos              | 65,98              | -                     | 6,25           | 44,23            | 73,44              | 21.583,43 |
| 4 anos              | 70,1               | -                     | 5,88           | 46,55            | 76,47              | 23.246,64 |

### Promoción egresada no curso 2014-2015

Número de persoas egresadas: 78

| Anos desde o egreso | Taxa de afiliación | Taxa afiliación media | % de autónomos | % de indefinidos | Grupo titulados/as | BCM anual |
|---------------------|--------------------|-----------------------|----------------|------------------|--------------------|-----------|
| 1 ano               | 38,46              | 36,68                 | 13,33          | -                | 60                 | -         |
| 2 anos              | 55,13              | 51,94                 | 6,98           | 45,45            | 65,12              | -         |
| 3 anos              | 76,92              | 75,1                  | 6,67           | 45,83            | 66,67              | 20.376,34 |
| 4 anos              | 79,49              | 75,52                 | 9,68           | 44,23            | 79,03              | 22.725,24 |

### Promoción egresada no curso 2015-2016

Número de persoas egresadas: 80

| Anos desde o egreso | Taxa de afiliación | Taxa afiliación media | % de autónomos | % de indefinidos | Grupo titulados/as | BCM anual |
|---------------------|--------------------|-----------------------|----------------|------------------|--------------------|-----------|
| 1 ano               | 40                 | 33,91                 | 3,13           | 25,81            | 37,5               | -         |
| 2 anos              | 53,75              | 51,29                 | 9,3            | 33,33            | 62,79              | 16.341,54 |
| 3 anos              | 73,75              | 69,44                 | 6,78           | 40,82            | 69,49              | 19.728,75 |
| 4 anos              | 73,75              | 71,9                  | 8,47           | 49,02            | 69,49              | 21.518,72 |

### Promoción egresada no curso 2016-2017

Número de persoas egresadas: 52

| Anos desde o egreso | Taxa de afiliación | Taxa afiliación media | % de autónomos | % de indefinidos | Grupo titulados/as | BCM anual |
|---------------------|--------------------|-----------------------|----------------|------------------|--------------------|-----------|
| 1 ano               | 48,08              | 39,95                 | -              | -                | 48                 | -         |
| 2 anos              | 65,38              | 62,41                 | 5,88           | 33,33            | 50                 | -         |
| 3 anos              | 69,23              | 67,62                 | 8,33           | 40,63            | 63,89              | -         |
| 4 anos              | 67,31              | 67,31                 | 11,43          | 55,56            | 62,86              | -         |

### Promoción egresada no curso 2017-2018

Número de persoas egresadas: 51

| Anos desde o egreso | Taxa de afiliación | Taxa afiliación media | % de autónomos | % de indefinidos | Grupo titulados/as | BCM anual |
|---------------------|--------------------|-----------------------|----------------|------------------|--------------------|-----------|
| 1 ano               | 47,06              | 38,33                 | -              | -                | -                  | -         |
| 2 anos              | 58,82              | 56,99                 | 0              | 26,67            | 50                 | -         |

## Grao en Traballo Social

|        |       |       |   |       |       |   |
|--------|-------|-------|---|-------|-------|---|
| 3 anos | 58,82 | 57,75 | 0 | 36,67 | 60    | - |
| 4 anos | 86,27 | 74,83 | 0 | 46,51 | 68,18 | - |

Os datos mais significativos, son os resultados da taxa de afiliación, posto que son sempre superiores aos da taxa media de afiliación, das promocións que se aportan estes datos. A taxa de afiliación mais baixa é 32,99, e corresponde á da promoción 2013-2014, ao ano de egresar. A mais alta é 86,27, e corresponde á da promoción 2017-2018, aos catro anos de egresar. Datos que se valoran como positivos, tendo en conta a situación do mercado laboral das titulacións do ámbito social.

En canto a porcentaxe de persoas autónomas, segue sendo inferior ao de persoas con contratos indefinidos. Tendencia que se mantén ao longo dos últimos anos. Nos datos facilitados, só se supera o 10,0% en dous resultados: 13,33 correspondente á promoción 2014-2015 ao ano de egresar, e 11,43 correspondente á promoción 2016-2017 aos catro anos de egresar.

Respecto ás persoas con contratos indefinidos, os resultados amosados, valóranse positivos, como ven acontecendo nos últimos anos. Cabe destacar que a maior porcentaxe supera o 50,0%, e corresponde aos catro anos de egresar a promoción 2016-2017 (55,56). En canto ás porcentaxes mais baixas, só en dúas ocasións son inferiores ao 30,0% (25,81 ao ano de egresar a promoción 2015-2016, e 26,67 aos dous anos de egresar a promoción 2017-2018).

Como se pode apreciar, a Base media de cotización anual vaise incrementando a medida que transcorre o tempo desde a graduación, de tal maneira que as persoas egresadas catro anos despois tiñan unha BCM anual superior, que en anos anteriores. Nos datos aportados, a cifra mais alta acádase no 2018 (23.246,64€), correspondente a catro anos despois de rematar a promoción do 2013-2014.

No Informe 2502230\_INF.EIL-ACSUG \_2022-2023, que facilita a ACSUG, preséntanse os datos da inserción laboral das persoas tituladas no curso 2014-15, que xa foran remitidos anteriormente, e polo tanto xa analizados no Informe anterior. As persoas tituladas no grao en Traballo da USC no curso indicado foron 62, das que 38 formaron a mostra. En canto ás tituladas pola UVigo, Campus de Ourense, foron 40 e a mostra a conformaron 27 persoas.

| <b>Persoas tituladas no curso 2014-15<br/>(Traballo de campo desde xaneiro a marzo de 2021).</b> | <b>Campus de Santiago<br/>%</b> | <b>Campus de Ourense<br/>%</b> |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------|--------------------------------|
| Traballa actualmente                                                                             | 92,00                           | 85,00                          |
| Titulación elixida como 1ª opción                                                                | 68,00                           | 89,00                          |
| Buscou emprego relacionado coa titulación                                                        | 82,00                           | 81,00                          |
| Contrato indefinido                                                                              | 38,00                           | 67,00                          |
| Contrato eventual                                                                                | 33,00                           | 10,00                          |
| En practicas                                                                                     | -                               | 10,00                          |
| Bolsa                                                                                            | -                               | -                              |
| Outro tipo de contratación                                                                       | 9,00                            | 14,00                          |
| Desenvolve funcións de nivel universitario                                                       | 77,00                           | 65,00                          |
| Volvería a cursar a titulación na mesma universidade                                             | 83,00                           | 100,00                         |
| Volvería a cursar a súa titulación                                                               | 94,00                           | 77,00                          |
| Volvería a cursar estudos universitarios                                                         | 82,00                           | 96,00                          |
| Media de meses en atopar emprego relacionado coa titulación                                      | 8,19 meses                      | 8,93 meses                     |

## Grao en Traballo Social

Na liña de datos obtidos plasmados no anterior Autoinforme de Seguimento, obsérvase que as  $\frac{3}{4}$  partes das persoas da mostra estaba traballando no momento da enquisa (xaneiro a marzo 2021), sendo superior en 7 puntos para o alumnado egresado en Santiago en relación ao egresado no Campus de Ourense.

O 94% dos egresados do Grao en Traballo Social na USC volvería a cursar esta titulación.

En canto ao tempo transcorrido para atopar emprego relacionado co grao, este é de menos de 1 ano para os titulados en ambas universidades, valor positivo en canto á demanda da profesión e a inserción laboral.

### ENQUISA PROPIA ANUAL REALIZADA NO MES DE XULLO DO 2024

Desde 2016 vense realizando unha enquisa propia ás persoas egresadas na titulación do Grao en Traballo Social deste centro. Unha vez ao ano, contáctase por teléfono co estudantado que rematou fai un e dous anos a titulación. Esta recomendación incluída no Informe de Avaliación Final de renovación de titulación remitido pola ACSUG en xuño de 2016, lévase a cabo desde fai nove anos, e proporciona datos alternativos de inserción laboral que complementan os facilitados pola ACSUG.

Nos informes de coordinación de curso, móstranse os resultados destas enquisas propias do centro, e a súa vez, véñense presentando nos informes anuais de seguimento do título. Ademais, na páxina web do centro, expóñense os informes que anualmente recollen os resultados sobre inserción laboral. Neste momento, pódense consultar os catro últimos, realizados nos anos 2021, 2022, 2023 e 2024.

Na páxina principal, na columna de destacados o primeiro apartado que figura é o de “Egresados. Saídas profesionais e inserción laboral”.

Escola Universitaria de Traballo Social

https://www.euts.es/ShowService.do?serviceld=137&fields=L&display...

Santiago de Compostela  
Escola Universitaria de Traballo Social

ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN ESTUDOS ESTUDANTES ADMINISTRACIÓN E SECRETARÍA SERVIZOS OUTROS

Egresados/as - Saídas profesionais e inserción laboral » Saídas profesionais e inserción laboral

### Saídas profesionais e inserción laboral

**A FIGURA PROFESIONAL DO/A TRABALLADOR/A SOCIAL**

A figura profesional do Traballador/a social recoñécese a nivel estatal na Resolución de 23 de abril de 2013, que contempla o Catálogo de referencia de servizos sociais. Así nos criterios comúns de calidade na prestación dos servizos, establécese que as persoas que accedan ao Sistema Público de Servizos Sociais contarán cun profesional de referencia, que será un/ha Traballador/a Social.

O/a profesional do Traballo Social é unha figura clave no Sistema de Servizos Sociais, e tamén está presente de maneira relevante no Sistema de Atención á Dependencia, no Sistema de saúde, etc.

**Novas**

**Portal estudante**

**Taboleiro virtual**

**Biblioteca virtual**

**Destacados**

**Egresados/as - Saídas profesionais e inserción laboral**

# Grao en Traballo Social

No subapartado “Saídas profesionais e inserción laboral”, pódense consultar ditos informes.

Escola Universitaria de Traballo

https://www.euts.es/ShowService.do?serviceld=137&fields=L&display...

Verifica que eres tú

- Entidades de Iniciativa Social (ONG)

- Empresas privadas

- Autoemplego

CONTINUACIÓN DE ESTUDIOS

- Acceso a Programas Oficias de Postgrao: de orientación investigadora (tese doutoral) e/ou de orientación profesional.

- Acceso a títulos propios e cursos de especialización.

ÚLTIMO SONDEO DE INSERCIÓN LABORAL DOS/AS NOSOS/AS TITULADOS - Anos 2022 e 2023

Os datos que figuran no último sondeo son resultado da enquisa a egresados levada a cabo polo centro en **xullo de 2024**, facendo referencia ao alumnado graduado en 2022 e 2023

DATOS INSERCIÓN LABORAL EGRESADOS/AS 2019 e 2020

DATOS INSERCIÓN LABORAL EGRESADOS/AS 2020 e 2021

DATOS INSERCIÓN LABORAL EGRESADOS/AS 2021 e 2022

DATOS INSERCIÓN LABORAL EGRESADOS/AS 2022 e 2023

Memoria Grao en Traballo Social

... máis »

Sistema Garantía Interna de Calidade

Publicación do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela (en ficheiro... máis »)

Guía Académica Grao 2024-2025

Preséntase a Guía Académica para o Grao en Traballo Social do curso 2024-2025, onde se recolle información... máis »

Durante o mes de xullo de 2024 realizouse o último sondaxe de inserción laboral. A enquisa dirixiuse ás promocións que remataron no ano 2022 (curso 2021-22) e no ano 2023 (curso 2022-2023).

| Participación na enquisa das persoas egresadas | 2022 |       | 2023 |       | 2022 e 2023 |       |
|------------------------------------------------|------|-------|------|-------|-------------|-------|
|                                                | N    | %     | N    | %     | N           | %     |
| Responderon                                    | 60   | 83,3  | 61   | 87,1  | 121         | 85,2  |
| Non se contactou                               | 10   | 13,9  | 7    | 10,0  | 17          | 12,0  |
| Contactouse pero non respondeu                 | 2    | 2,8   | 2    | 2,9   | 4           | 2,8   |
| TOTAL                                          | 72   | 100,0 | 70   | 100,0 | 142         | 100,0 |

A porcentaxe de persoas que foron contactadas e que responderon á enquisa é de 85,2%. Un valor cinco puntos superior ao do ano anterior, (entorno ao 80%), o que segue a considerarse positivamente unha cifra moi alta de participación.

| Situación laboral        | 2022 |       | 2023 |       | 2022 e 2023 |       |
|--------------------------|------|-------|------|-------|-------------|-------|
|                          | N    | %     | N    | %     | N           | %     |
| Traballan ou traballaron | 54   | 90,0  | 45   | 73,8  | 99          | 81,8  |
| Non traballaron          | 6    | 10,0  | 16   | 26,2  | 22          | 18,2  |
| TOTAL                    | 60   | 100,0 | 61   | 100,0 | 121         | 100,0 |

# Grao en Traballo Social

A porcentaxe de persoas egresadas nos dous últimos anos, que traballan ou traballaron, é superior ao da enquisa do ano anterior, pasando do 78,0% ao 81,8%. Este resultado volve a reafirmarse como positivo, posto que supera sobradamente as tres cuartas partes das persoas que participaron na sondaxe.

| Vinculación co<br>Traballo Social                 | 2022 |       | 2023 |       | 2022 e 2023 |       |
|---------------------------------------------------|------|-------|------|-------|-------------|-------|
|                                                   | N    | %     | N    | %     | N           | %     |
| Como traballador/a social<br>ou posto relacionado | 46   | 85,2  | 35   | 77,8  | 81          | 81,8  |
| Outros                                            | 8    | 14,8  | 10   | 22,2  | 18          | 18,2  |
| TOTAL                                             | 54   | 100,0 | 45   | 100,0 | 99          | 100,0 |

Os valores anteriores da situación laboral, reproducense respecto á vinculación do desempeño laboral co traballo social. Na última enquisa, a porcentaxe das persoas que exerceron ou exercen unha actividade laboral como traballador/a social, supera o 80%. Tendo en conta o ano de egreso, a porcentaxe de persoas, que remataron estudos en 2022, é superior en algo máis de 8 puntos ás que finalizaron no 2023. Resultado esperado, posto que en dos anos hai mais posibilidades de acadar un emprego como traballador/a social.

| Tipo de entidade<br>desempeño función TS | 2022 |       | 2023 |       | 2022 e 2023 |       |
|------------------------------------------|------|-------|------|-------|-------------|-------|
|                                          | N    | %     | N    | %     | N           | %     |
| Pública                                  | 6    | 13,0  | 2    | 5,7   | 8           | 9,9   |
| Privada                                  | 40   | 87,0  | 33   | 94,3  | 73          | 90,1  |
| TOTAL                                    | 46   | 100,0 | 35   | 100,0 | 81          | 100,0 |

Os resultados respecto ao ámbito de desempeño laboral, seguen a manter a tendencia dos últimos anos, e volve a acadar o 90% o sector privado. Concretamente o 90,1% na última enquisa, e 91,2%, na enquisa do ano anterior.

| Distribución xeográfica<br>dos postos de traballo<br>como TS | 2022 |       | 2023 |       | 2022 e 2023 |       |
|--------------------------------------------------------------|------|-------|------|-------|-------------|-------|
|                                                              | N    | %     | N    | %     | N           | %     |
| Galicia                                                      | 45   | 97,8  | 34   | 97,1  | 79          | 97,5  |
| Outra CCAA                                                   | 1    | 2,2   | 1    | 2,9   | 2           | 2,5   |
| Estranxeiro                                                  | -    | -     | -    | -     | -           | -     |
| TOTAL                                                        | 46   | 100,0 | 35   | 100,0 | 81          | 100,0 |

Case o total de postos de traballo, das persoas que desempeñaron funcións como profesional do traballo social, foron en Galicia (97,5%). As porcentaxes para as persoas egresadas en 2022, é de un 97,8%, e para as que o fixeron en 2023, o 97,1%. Na última sondaxe só dúas persoas, que remataron no 2022 e 2023, traballa fora de Galicia.

## Grao en Traballo Social

En canto ao estranxeiro, ningunha persoa das participantes no sondaxe traballaron ou traballan fora de España.

| Tipo de xornada | 2022 |       | 2023 |       | 2022 e 2023 |       |
|-----------------|------|-------|------|-------|-------------|-------|
|                 | N    | %     | N    | %     | N           | %     |
| Completa        | 31   | 67,4  | 27   | 77,1  | 58          | 71,6  |
| Media           | 6    | 13,0  | 3    | 8,6   | 9           | 11,1  |
| Por horas       | 9    | 19,6  | 5    | 14,3  | 14          | 17,3  |
| TOTAL           | 46   | 100,0 | 35   | 100,0 | 81          | 100,0 |

En canto ao tipo de xornada, a maioría segue a ser de dedicación completa, para os dous cursos de referencia. e acada en global o 71,6%. A dedicación de media xornada ascende de un 5,9% ao 11,1%, sendo superior o contrato por horas, 17,3%.

| Tipo de contrato | 2022 |       | 2023 |       | 2022 e 2023 |       |
|------------------|------|-------|------|-------|-------------|-------|
|                  | N    | %     | N    | %     | N           | %     |
| Indefinido       | 24   | 52,2  | 15   | 42,9  | 39          | 48,1  |
| Temporal         | 22   | 47,8  | 18   | 51,4  | 40          | 49,4  |
| En prácticas     | -    | -     | -    | -     | -           | -     |
| Bolsas           | -    | -     | 2    | 5,7   | 2           | 2,5   |
| TOTAL            | 46   | 100,0 | 35   | 100,0 | 81          | 100,0 |

Nos resultados da última enquisa, as porcentaxes dos contratos indefinidos e temporais son similares, 48,1% e 49,4% respectivamente. Con bolsa de emprego só dúas persoas das egresadas no 2023, e ningunha en prácticas.

| Formación postitulación do Grao en TS | 2022 |       | 2023 |       | 2022 e 2023 |       |
|---------------------------------------|------|-------|------|-------|-------------|-------|
|                                       | N    | %     | N    | %     | N           | %     |
| Si                                    | 23   | 38,3  | 20   | 32,8  | 43          | 35,5  |
| Non                                   | 37   | 61,7  | 41   | 67,2  | 78          | 64,5  |
| TOTAL                                 | 60   | 100,0 | 61   | 100,0 | 121         | 100,0 |

Case o dobre das persoas egresadas que responderon á enquisa (64,5%) non continuaron a súa formación tras rematar a titulación do Grao en Traballo Social.

Os valores parciais son similares nas dúas promocións participantes na última sondaxe, tanto para as persoas que continuaron formándose tras graduarse, como as que non o fixeron.

## Grao en Traballo Social

| Tipo de formación<br>postulación do Grao TS | 2022 |       | 2023 |       | 2022 e 2023 |       |
|---------------------------------------------|------|-------|------|-------|-------------|-------|
|                                             | N    | %     | N    | %     | N           | %     |
| Grao                                        | 1    | 4,3   | 2    | 10,0  | 3           | 7,0   |
| Máster                                      | 21   | 91,4  | 16   | 80,0  | 37          | 86,0  |
| Ciclo                                       | 1    | 4,3   | 2    | 10,0  | 3           | 7,0   |
| Cursos                                      | -    | -     | -    | -     | -           | -     |
| TOTAL                                       | 23   | 100,0 | 20   | 100,0 | 43          | 100,0 |

Respecto ao tipo de formación, despois da graduación, a maior porcentaxe corresponde ao master, o 86,0%. Tres persoas optaron por continuar con estudos de grao, e outras tres cunha formación de ciclo.

| Situación das persoas que<br>non realizaron actividade<br>laboral | 2022 |       | 2023 |       | 2022 e 2023 |       |
|-------------------------------------------------------------------|------|-------|------|-------|-------------|-------|
|                                                                   | N    | %     | N    | %     | N           | %     |
| Por motivos persoais                                              | -    | -     | 3    | 18,7  | 3           | 13,6  |
| Non atopou                                                        | -    | -     | 4    | 25,0  | 4           | 18,2  |
| Preferiu continuar formándose                                     | 6    | 100,0 | 9    | 56,3  | 15          | 68,2  |
| TOTAL                                                             | 6    | 100,0 | 16   | 100,0 | 22          | 100,0 |

Das persoas participantes na última enquisa, que non realizaron actividade laboral, o 68,2% foi por preferir continuar formándose. Respecto a outras razóns, supera en 5 puntos, o non atopar traballo, aos motivos persoais (18,2% e 13,6% respectivamente).

Pódese concluír, que se mantén a mesma tendencia dos anos anteriores, posto que os resultados de inserción laboral dos que se dispoñen seguen a valorarse como positivos. A destacar o seguinte dato: das 99 persoas participantes na enquisa propia, egresadas nos dous últimos anos, o 81,8 % se incorporaron ao mercado laboral como traballador/a social.

## Grao en Traballo Social

| MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS: GRAO EN TRABALLO SOCIAL                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| MODIFICACIÓN                                                                                                                                  | XUSTIFICACIÓN                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| Aprobación pola Xunta de Centro, da declaración de intencións para modificación non substancial da Memoria do Título (23 de novembro de 2023) | <p>As modificacións propostas nos apartados 2 e 3 emanan das recomendacións do informe de acreditación aprobado en xaneiro de 2023. A número 1 emana do RD 822/2021.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Ámbito de coñecemento, xunto coa vinculación das materias de Formación Básica ao ámbito elixido.</li> <li>2. Axuste da oferta de prazas á oferta real dos últimos cursos (como non implica novos recursos, considérase modificación non substancial).</li> <li>3. Reaxuste de actividades formativas dentro do Practicum (non cambia o número de créditos nin outras características da materia).</li> </ol>                                                                                                                                                                                    |
| Consello de Goberno da USC – Aprobación Modificación non substancial Memoria Título                                                           | Aprobado o 27 de decembro de 2023                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| Informe favorable ACSUG                                                                                                                       | Informe de data 01 de marzo de 2024                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
| Requerimento de subsanación da solicitude de verificación (30 abril 2024)                                                                     | <p>Recíbese, por parte do Ministerio de Educación, a seguinte mensaxe:</p> <p><i>“Para proseguir con la tramitación del título debe corregir los siguientes requisitos incumplidos”; Apartado 1.3 – Universidades y centros en los que se imparte – Requisitos no cumplidos: A tenor de lo establecido en el artículo 32 del Real Decreto 822/2021, de 28 de septiembre, por el que se establece la organización de las enseñanzas universitarias y del procedimiento de aseguramiento de su calidad, el cambio en el número de plazas ofertadas se considera modificación sustancial. Por ello no puede tramitarse esta solicitud como no sustancial. Rogamos revisen y corrijan”.</i></p> <p>Por iso, non se modifica o número de prazas ma MVT ata que se proceda a unha modificación substancial da mesma.</p> |
